TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA PARA A IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DUNHA FOSA COMÚN CON VÍCTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NO CEMITERIO DA IGREXA PARROQUIAL DE CABREIRA (SALVATERRA DE MIÑO, PONTEVEDRA)

MEMORIA ARQUEOLÓXICA



Data:	Febreiro de 2025
Promotor:	Universidade de Santiago de Compostela
Arqueólogo director da intervención:	Sergio Sánchez García
Expediente Tempos Arqueólogos S.L.:	T-24-167
Expediente S. Arqueoloxía:	02.C.1591.2024.001
Código SXPA:	CT102A2024/531-0

SANCHEZ GARCIA SERGIO - 44499236D

Firmado digitalmente por SANCHEZ GARCIA SERGIO - 44499236D
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-44499236D, givenName=SERGIO, sn=SANCHEZ GARCIA, cn=SANCHEZ GARCIA SERGIO - 44499236D
Fecha: 2025.02.26 09:20:20 +01'00'

tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. CIF B70608948
info@tempos.es www.tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asento 79, Diario 112, inscrición primeira de folla SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeneral de Sociedades

D-U-N-S ® 469525121

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Contido

1. Ficha técnica do proxecto 3
2. Abreviaturas e signos 4
3. Introdución 5
4. Normativa aplicable 7
5. Contexto da investigación e antecedentes 18
6. Localización do ámbito de traballo 30
7. Formulación da intervención e obxectivos 34
8. Metodoloxía da intervención arqueolóxica 38
   8.1. Estratexia de escavación 38
   8.2. Rexistro da información 40
   8.3. Fichas de rexistro 47
9. Resultados da intervención arqueolóxica 55
   9.1. Índice de Unidades Estratigráficas: 81
   9.2. Matriz Harris da intervención 83
   9.3. Síntese interpretativa 84
10. Material arqueolóxico 85
   10.1. Materiais recuperados 85
      10.1.1. Táboa de inventario de materiais 0
11. Valoracións finais 0
12. Temporalidade da actuación 3
13. Equipa arqueolóxica 3
14. Relación nominal do equipo interdisciplinar 4
15. Seguridade e saúde 6
16. Documentación da empresa 7
17. Planimetría 19
18. Documentación anexa 20

- Plano 1. Fotogrametría final da intervención realizada (E. 1:20)
- Plano 2. Sondaxes realizadas durante a intervención sobre a fotogrametría final. (E.1:20)
- Plano 3. Planta final da intervención realizada (E.1:20)
- Plano 4. Planta e cotas da intervención realizada (E.1:20)
- Plano 5. Perfiles Norte e Sur da sondaxe realizada (E.1:20)
- Plano 6. Perfiles Este e Oeste da sondaxe realizada (Varias Escalas. Perfil E 1:10, Perfil W E 1:20).
- Modelo 3D final da intervención realizada.

1. Ficha técnica do proxecto

Título do proxecto:	Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio da igrexa parroquial de Cabreria (Salvaterra de Miño, Pontevedra)
Clasificación da actividade:	Sondaxes arqueolóxicas.
Parroquia:	Cabreira (San Miguel)
Municipio:	Salvaterra de Miño
Provincia:	Pontevedra
Supervisión:	Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Promotor:	Universidade de Santiago de Compostela
Arqueólogo director:	Sergio Sánchez García
Empresa arqueolóxica:	TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. CIF B70608948 Telf. 650 33 74 54–677 164635 info@tempos.es www.tempos.es

2. Abreviaturas e signos

a.C.	Antes de Cristo
AD	Anno Domini
BIC	Ben de Interese Cultural
BP	Before Present
Cal	Calibrado
d.C.	Despois de Cristo
DOG	Diario Oficial de Galicia
DXPC	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
GAC	Gaceta de Madrid
GPS	*Global Positioning System*
LIDAR	Light Detection and Ranging ou Laser Imagin Detection and Ranging
LPHE	Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español
M	Metros
m.s.n.m.	Metros Sobre el Nivel del Mar
N	Norte
W	Oeste
PBA	Plan Básico Autonómico
PE	Plan Especial
PEPRI	Plan Especial de Protección y Reforma Interior
PXOM	Plan Xeral de Ordenación Municipal
S	Sur
UE	Unidade Estratigráfica
UEM	Unidade Estratigráfica Muraria
+-	Mais menos

3. Introdución

Redáctase a presente memoria arqueolóxica relativa a intervención en conformidade co disposto na Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, no Decreto 199/1997 de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de dar conta dos traballos arqueolóxicos realizados no interior do recinto do cemiterio parroquial de Cabreira, Salvaterra de Miño (Pontevedra), no marco da investigación que se está levando a cabo ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuación dentro do Plan Cuadrienal 2021/2024 de Memoria Democrática en Galicia 2023.

O dito convenio ten como obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre os organismos sinalados para levar a cabo as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática, o cal integra tres liñas estratéxicas fundamentais das políticas públicas de Memoria Democrática que se pretenden desenvolver ao longo do período (2021-2024), aínda que os seus obxectivos sexan revisables de forma anual. Estas liñas estratéxicas son:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

O custo total das actuación que se levarán a cabo no 2024 dentro destas liñas estratéxicas pola Comunidade Galega ascende, segundo o convenio, a 76.364,67€.

As tarefas a realizar no 2024 son:

- Exhumación da fosa de O Val (Narón)
- Exhumación da fosa de Cabreira (Salvaterra de Miño)
- Investigación histórica da fosa de Soutelo (Salceda de Caselas)
- Traballos de Memorialización e colocación de monumentos en Vilagarcía e Celanova.

4. Normativa aplicable

No ámbito da normativa internacional, ademais do recollido nas convencións e tratados relativos á actividade arqueolóxica propiamente dita, cómpre ter en conta que o Estado español ratificou no ano 2009 a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzosas de 2006.

Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada "o arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa a recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultamente da sorte ou o paradoiro da persoa desaparecida, subtraéndoa á protección da lei".

A Convención non só establece a obrigación dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castigalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo xeito, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigacións – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para ilo (art. 24).

Por outro lado, a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é "*recoñecer e ampliar dereitos a favor dos que padeceron persecución ou*

violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo ilo con fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións de españois en torno aos principios, valores e liberdade constitucionais".

Ademais, engádese que se pretende "o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos".

A lei obriga ás Administracións Públicas a facilitarlle, no marco das súas competencias, aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradoiro se ignore (art. 11), para o cal as administracións Públicas competentes autorizarán as tarefas de prospección encamiñadas á localización de restos das vítimas de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación (art. 13).

Este protocolo ao que se alude foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedemento, coa finalidade de servir de referencia para os que desexan iniciar un proceso de busca, recuperación e

identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non exista un protocolo de actuación aprobado pola Comunidade Autónoma que corresponda.

Segundo o recollido no devandito protocolo[1], considérase que a apertura e exhumación dunha fosa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

A solicitude para a realización de traballos relativos á apertura e exhumación dunha fosa debe ser presentada, tal e como se sinala no protocolo de actuación, para que sexa aprobada pola Comunidade Autónoma correspondente e pola entidade local na que se atopen os restos, e debe ir acompañada dun proxecto no que, sempre que sexa posible se acrediten os seguintes extremos:

- Identificación do organismo, asociación ou particular que promove a actuación e razóns para ilo.
- Estudo documental previo sobre a localización da fosa e dos individuos que poden aparecer.
- Identificación do equipo técnico que procederá á exhumación, con identificacións dos responsables.
- Características esenciais do proxecto de intervención arqueolóxica e, no seu caso, da investigación forense a realizar.
- Calquera outro dato que sexa de interese para a avaliación e viabilidade do proxecto.

Una vez que a Administración autorice as actuacións contidas no proxecto, o procedemento constará das seguintes fases:

[1] Recollese parte do contido do Protocolo coa finalidade de que sirva tamén como guía metodolóxica durante a execución dos traballos.

- Investigacións preliminares.
- Intervención arqueolóxica.
- Investigación forense dos restos humanos.
- Informe final.
- Destino final dos restos.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

En canto aos informes e autorizacións, os promotores da exhumación deben realizar as seguintes actuacións:

- Elaborar un informe previo sobre a localización e características da fosa.
- Elaborar un proxecto de intervención único que englobe, como primeira fase, a de prospección do entorno da fosa, para a súa localización exacta, e unha segunda fase de escavación, a non ser que o proxecto soamente contemple un dos aspectos, por pospoñer a segunda ou por estar a primeira xa realizada.

O contido do proxecto será o seguinte:

- Descrición dos traballos de arqueoloxía e planificación.
- Metodoloxía, no que deberá consignarse no caso da prospección a execución de tarefas de observación e/ou uso de métodos xeofísicos de teledetección. Tanto na prospección como na escavación, explicitarase a metodoloxía empregada no rexistro de datos e documentación, o tratamento e depósito dos materiais. Deberanse empregar as técnicas de prospección máis adecuadas, segundo o estándares de investigación admitidos internacionalmente.
- Medios humanos e materiais.

- Tempo de execución da intervención ou data de inicio dos traballos.
- Custo previsto da intervención.

- Solicitar os permisos e autorización correspondentes.
  - Permiso por escrito dos familiares dos falecidos ou dos seus representantes legais. No caso necesario, tanto a entidade local como a Comunidade Autónoma onde se localicen os restos deberán realizar publicacións en tablóns municipais, boletín provinciais ou autonómicos ou diarios de maior difusión. A oposición por parte de calquera dos familiares ou das entidades que os representan á exhumación deberá ser ponderada pola Comunidade Autónoma, á vista do cal, e tendo en conta os intereses dos familiares en primeiro termo, logo de darlle audiencia a estes interesados, decidirá a realización total, parcial ou a non realizacións dos traballos.
  - Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Si se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se atopen os restos. Se non se obtivese o dito consentimento, deberáselle comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos. A ocupación temporal dos terreos terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de prospección e escavación e rexerase polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

As actuación reiniciaranse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.

- Deberase solicitar autorización para realizar as tarefas de prospección, exhumación, e identificación á Administración titular dos terreos. Ademais deberase cumprir cos requisitos establecidos polas Comunidade Autónomas en canto a escavacións arqueolóxicas (obtención de permisos, rexistro de materiais, prazos, etc.). Tamén se necesita o correspondente permiso da entidade local onde de atopen os restos, nos casos en que resulten afectadas as competencias de execución que corresponden aos municipios ou outros entes locais (cemiterios e servizos funerarios, execución urbanística, obras ou outros servizos).
- Os achados poñeranse inmediatamente en coñecemento da entidade local correspondente, da Comunidade Autónoma, Policía ou Garda Civil, así como ao Xulgado de Instrución competente. Si se trata de terreos adscritos á Administración Xeral do Estado ou as súas entidades instrumentais, tamén de poñerá no seu coñecemento.

Xa no relativo as actuacións propiamente ditas, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

- Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo, e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:

- Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.
- Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación *in situ* cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.
- Expertos en medicina forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da fosa, así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

- Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborarase un "Diario" das actuacións, especificando os técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

  En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc.) ou aos feitos ocorridos (vainas e restos de munición, etc.).
- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas. Son

de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA. Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:

  - Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfiles de gabia, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material *in situ*, tratamento dos restos, etc.
  - É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer especial coidado e meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.
  - En caso de localización de restos, comunicaráselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.

- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de reflexar todas as incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.
- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo. En canto ao resto dos achados, se non fora

factible o seu traslado ao laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e referenciados, no lugar do achado. A opción a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofreza o Concello ou a Comunidade Autónoma, e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos. En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que sexa de aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.

- Traslado de mostras: deberanse reflexar e arquivar datos na toma de mostras, na conservación, no trasporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto. No resto dos caos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza. En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Xa por último, no relativo ao informe que debe dar conta dos traballos realizados, o protocolo sinala que se especificarán as seguintes cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.
- Descrición e inventario dos restos localizados.
- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Axuntarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Axuntaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.

En relación á normativa vixente en materia de intervencións arqueolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia, o presente proxecto obedece ao recollido no artigo 96 da LPCG que establece que para a realización de actividades arqueolóxicas, como é o caso, resulta necesario presentar un proxecto que conteña un programa detallado e coherente, que acredite a conveniencia e interese científico da intervención e que avale a idoneidade técnica de quen asuma a dirección. Ademais, segundo o disposto no artigo 6 do DAAG, o proxecto debe conter:

- Metodoloxía e plan dos traballos.
- Plano topográfico fixando a situación e emprazamento exacto do proxecto presentado.
- Medios cos que se conta para un adecuado desenvolvemento dos traballos.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

- Tempos de execución con datas previstas de inicio e remate da actuacións e /ou as súas fases.
- Relación nominal do equipo técnico previsto, entendido como aquel persoal titulado con formación específica que detente áreas de responsabilidade na execución do proxecto, especificando a capacitación profesional de cada membro.
- Currículo do arqueólogo director, con especial referencia profesional no tipo de actividade para a que se solicita autorización.
- Todos os datos que contribúan á concreción do proxecto.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

5. Contexto da investigación e antecedentes

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar dalgún parente. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polos *roxos*, na cal se establece que "*toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, pude solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes*". *A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada "por el familiar del finado de máis próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios*".

ORDEN *de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asesinados por los rojos.*

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que desease exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asesinado por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja,

He tenido a bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asesinados polo vermellos (BOE núm. 130 de 09/05/1940).

Ao pouco publícase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación de cadáveres de persoas asasinadas durante o período *roxo*. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba "*a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos*".

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas –"*familiares de los caídos en defensa de España*" – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os "*servicios prestados a la Patria por el familiar muerto*".

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e reinhumar os restos dos seus achegados enterrados en fosas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas fosas puideron acotarse e doóuselles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publícase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

da revolución marxista. Nesta disponse que "*con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares*" (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como "*tierra sagrada*", como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).



ORDEN *de 4 de abril de 1940 disponiendo que por los Ayuntamientos se adopten medidas que garanticen el respeto a los lugares donde yacen enterradas las víctimas de la revolución marxista.*

La diversidad de los lugares donde la saña marxista conducía a sus víctimas para darles muerte, ha motivado la existencia, en muchos términos municipales de los que padecieron la dominación roja, de sitios varios en que yacen restos humanos que, al no haber sido posible su identificación, no han reclamado hasta la fecha los familiares para traslado al cementerio.

El homenaje debido a nuestros mártires exige que, hasta tanto puedan ser recogidos dichos restos en el Panteón de los Caídos, se adopten con carácter provisional medidas que aseguren el respeto a los expresados lugares, convirtiéndolos en tierra sagrada, bajo el cuidado de los Ayuntamientos.

Por ello,

Este Ministerio ha dispuesto:

Artículo 1.º Con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar el respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán, de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que no han sido identificados o reclamados por sus familiares.

Art. 2.º Acotado el lugar, la Corporación solicitará, de la correspondiente Autoridad eclesiástica, que se le conceda el carácter de tierra sagrada, en la misma forma que si se tratase de un nuevo cementerio municipal.

Art. 3.º En el caso de que el número de Caídos sea muy reducido, el Ayuntamiento acordará y verificará su traslado a una parcela designada para este exclusivo objeto en el Cementerio más próximo, haciéndolo constar en ella con la debida reverencia.

Orde de 4 de abril de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asesinados polo vermellos (BOE núm. 96 de 05/04/1940)

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir fosas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 fosas comúns e recuperáronse miles de restos (Etxebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de fosas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio –económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 anos realizáronse un total de 27 exhumacións de fosas comúns recuperándose un total de 75 individuos.

A I Conferencia Sectorial de Memoria Democrática – órgano creado para a cooperación entre administracións co fin de levar a cabo tarefas consultivas, decisorias e de coordinación entre o Estado e as comunidade autónomas en todo o relativo ás políticas de Memoria Democrática – acordou en marzo do 2021 os criterios de reparto, así como o propio reparto, dos fondos previsto nos Orzamentos Xerais de 2021, para busca, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 ascende a 76.364,67€, os cales teñen como obxecto a realización das tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, así como para actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

Con esta finalidade, subscríbese un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, ao longo do período 2021-2024, as seguintes liñas estratéxicas:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

No marco do devandito convenio, no ano 2023 realizáronse dúas intervencións arqueolóxicas:

- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no Cemiterio de San Pedro de O Castro (Pexeiros-Viana do Bolo)
- Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María a Maior do Val (Narón, A Coruña)

No caso da primeira, o espazo intervido correspóndese fundamentalmente a unha sondaxe xunto a placa conmemorativa que indicaba o lugar do enterramento de Anunciación Casado Atanes, vítima da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. realizouse tamén unha sondaxe máis ao este deste

espazo – xa que durante a primeira fase da intervención, un informante que coñecía a localización exacta do lugar de enterramento da represaliada.



Zona na que se interveu no cemiterio de O Castro (Pexeiros- Viana, do Bolo)

Entre os días 23 e 25 de outubro do ano 2023, executouse a actuación denominada "Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de San Pedro do Castro (Pexeiros-Viana do Bolo-Ourense)", autorizada mediante resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 19 de setembro de 2023.

Con esta intervención realizada dentro do marco do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións dentro do Plan Cuadrienal 2021/2024 de Memoria Democrática en Galicia 2022, pretendíanse recuperar os restos de Anunciación Casado Atanes ("La Pasionaria"), veciña de San

Mamede, enterrada no citado cemiterio de Castro, paseada o 21 de agosto de 1936 na leira de Gracinda polos militares sublevados.

Nunha primeira fase foi realizada unha sondaxe vencellada a placa conmemorativa localizada no adro da igrexa de O Castro, xa que segundo as pesquisas previamente efectuadas e a información recadada pola equipa interdisciplinaria anteriormente detallada, realizouse unha sondaxe nun lateral do cemiterio, -entre o muro do adro e o muro norte da igrexa- xunto a placa conmemorativa que leva o seu nome. Baixo os niveis superficiais, foron localizados dous enterramentos de época contemporánea, posiblemente da segunda metade do século XX polos restos plásticos localizados sobre estes enterramentos.

Segundo os datos obtidos durante a intervención, no momento do enterramento da denominada *Tumba 2*, a máis antiga das dúas localizadas, poderíase haber alterado os restos do enterramento pertencente a Anunciación Casado Atanes propiciando así a súa desaparición e destrución.

É común nos cemiterios que contan con pouco espazo de enterramento como sucede no caso que nos ocupa, a reutilización de zonas enterramento, e como consecuencia disto, de retiradas dos restos óseos que se podan localizar durante as inhumacións, sobre todo nestes momentos que se levaron a cabo os enterramentos das *Tumbas 1* e 2, nos que por descoñecemento ou necesidade, se levaron a cabo os mesmos, engadindo que aínda non existía unha placa conmemorativa que puidera identificar como tal o lugar de enterramento de Anunciación Casado Atanes.

Tras un primeiro enterramento (*Tumba 2*), que xa puido alterar o enterramento na que se encontraría inhumada Anunciación, realizouse outro enterramento, denominado *Tumba 1*, que se atopa

cortando o a *Tumba* 2, alterando aínda máis os depósitos que nos podan falar de un enterramento anterior. Neste senso, nos niveis de recheo, foron localizados varios restos óseos que, segundo un estudo previo en campo polo antropólogo forense Fernando Serrulla, poderían corresponder a unha muller de entre 45 ou 50 anos de idade, así como obxectos persoais, como calzado de muller, o que nos fala de unha alteración na posible foxa de Anunciación polos conseguintes enterramentos.

Posteriormente, realizouse unha segunda fase, xa que , durante a realización dos traballos de escavación da sondaxe 1 e grazas a un informante que afirmaba coñecer de primeira man o lugar de enterramento, realizouse unha segunda escavación para comprobar esta información, a 10 m cara o E da sondaxe 1, que se denominou Sondaxe 2. Nesta sondaxe, trala retirada dos depósitos superiores, foi localizado un enterramento que se deu en nomear *Tumba* 3. Este enterramento, atópase a 1 m 10 cm de potencia, tallado parcialmente no substrato rochoso cara o S, en nos niveis de recheo cara o N, podería pertencer a unha muller de idade e estatura compatibles coa que tiña Anunciación no momento do seu deceso, segundo a información dada en campo polo antropólogo forense. A tumba presenta un avanzado estado de deterioro, tanto o cadaleito, coma os restos óseos que nel se atoparon.

Soamente os estudos forenses e xenéticos poderán aclarar se os restos óseos recollidos nas dúas sondaxes, pertencen a Anunciación. En base a isto, os restos exhumados durante a intervención localizados, tanto na UE de recheo da sondaxe 1, coma na Tumba 3 da sondaxe 2, foron trasladados a Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto Legal de Galicia, así como os bens materiais localizados, coa finalidade de sometelos ás analíticas pertinentes a efectos de identificar se

pertencen ou non a Anunciación Casado Atanes, e de ser o caso, poñer os seus restos a disposición dos seus familiares.

De seres negativos os resultados xenéticos e forenses, procederase a devolver os restos o lugar no que foron exhumados.

En canto a prospección por metalodetección realizada no lugar onde Anunciación foi paseada, a chamada Curva das Revendeitas, os resultados obtidos durante estes traballos foron negativos, xa que aínda que se localizaron materiais metálicos (latas, pilas, lixo etc.) que corresponden a momentos contemporáneos, sendo un lugar de paso concorrido na carreteira entre Viana do Bolo e A Gudiña, a non localización de restos balísticos ou proxectís no lugar do suceso deuse por concluída a procura neste lugar.

No caso da segunda intervención, entre os días 4 e 8 de marzo de 2024 executouse a actuación denominada "Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio de Santa María a Maior do Val (Narón- A Coruña)", autorizada mediante resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 21 de setembro de 2023.



Lugar da intervención no cemiterio de O Val, Narón.

Con esta intervención realizada dentro do marco do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións dentro do Plan Cuadrienal 2021/2024 de Memoria Democrática en Galicia, pretendíase coñecer a localización da foxa con restos de polo menos 52 vítimas (segundo os datos que manexa o equipo de investigación HISTAGRA) da represión franquista.

Segundo as pesquisas previamente efectuadas, a información recadada pola equipa interdisciplinar anteriormente detallada e as anomalías detectadas durante a fase de prospección xeofísica, realizáronse varias sondaxes en diferentes puntos do cemiterio de Santa María de O Val que permitisen a localización e delimitación da foxa ou foxas. Así mesmo procedeuse á apertura do nicho nº148 no que segundo fontes orais poderían atoparse os restos óseos dos represaliados. Trala apertura do nicho corroborouse a existencia de restos óseos pero despois da análise do antropólogo forense desbotouse a posibilidade de que se tratase dos individuos a localizar. Os restos foron resituados no mesmo nicho dentro de novas bolsas signaturizadas coa data.

As sondaxes arqueolóxicas realizadas mostran, desde o inicio, que o cemiterio de O Val foi un espazo de inhumación constante resultando un espazo altamente removido e alterado. Constátase un nivel de revolto con restos óseos inconexos xunto con material de refugallo (ladrillo, tellas, plásticos etc...) presente en todas as sondaxes realizadas(**UE02**) seguido doutro nivel que foi interpretado como o nivel de uso do antigo cemiterio (**UE03**).

As denominadas sondaxes 2 e 3 deron resultados negativos. En ambas sondaxes documéntase o actual nivel de uso da zona

axardinada do cemiterio (**UE 01**) seguido dun depósito de sedimento marrón destinado á nivelación do cemiterio (**UE 02**) no que se localizan restos óseos descontextualizados e material construtivo (tellas, ladrillo, plásticos...) seguido do nivel de uso do antigo cemiterio (**UE03**).

A sondaxe 4 tamén se considera negativa en canto aos obxectivos concretos do presente proxecto, ao documentar inhumacións ordinarias en terra no cemiterio vello de O Val. Neste caso non se levou a cabo nin escavación nin exhumación de ningún resto ou depósito.

A sondaxe 5, que a nivel estratigráfico é semellante ás S2 e S3 permitiu recuperar unha vaina de Mauser. Este obxecto foi recuperado a 9 metros de distancia ao E dos actuais nichos que se acaroan ao muro W de peche do cemiterio e que fai pensar en que en algún momento se puideron levar a cabo axustizamentos dentro do camposanto.

A **sondaxe 1** é a que presenta os únicos **resultados positivos**. Situada na zona W do cemiterio entre a construción de nichos que se estende acaroada ao muro de peche do cemiterio e a construción de nichos n148. Tal e como queda reflectido no informe histórico A creación destes panteóns dataría aproximadamente, segundo a fonte oral, entre os cincuenta e os anos sesenta do século XX. Un testemuño oral vincula, precisamente, a construción destes nichos co desmantelamento da fosa/s. tras o inicio das obras, interviríase a fosa para retirar os restos e poder edificar os cimentos da construción nese mesmo lugar.

A intervención arqueolóxica evidencia a existencia de canto menos dúas foxas debaixo dos nichos do cemiterio na que apareceron restos óseos nun estado de conservación moi delicado. Estes restos non se encontran nunha posición orixinal, senón que foron desprazados e

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

afectados directamente pola construción do bloque de nichos, resultando un espazo altamente removido e alterado.

Os restos exhumados foron trasladados á Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia coa finalidade de sometelos ás analíticas pertinentes a efectos de identificar cada un dos individuos e, de ser o caso, poñer os restos a disposición dos seus familiares.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

6. Localización do ámbito de traballo

A fosa común obxecto da intervención arqueolóxica que se recolle no presente proxecto está situada no concello pontevedrés de Salvaterra de Miño, concretamente no cemiterio parroquial de San Miguel de Cabreira.



Localización da fosa de Cabreira en Salvaterra de Miño

A parroquia de Cabreira localízase no W do concello, sendo atravesada polo río Caselas. Presenta as pequenas elevacións dos montes Curros (144 m) e do Viso (142 m). Preto dos lindes da parroquia atopamos o río Tea e a súa desembocadura no Miño, sendo a ponte que salva este río, a ponte da Fillaboa, historicamente fundamental para as comunicacións de Cabreira.

A intervención tivo lugar no adro da igrexa, templo en forma de cruz latina cunha soa nave máis dúas capelas laterais, a cal foi construída no 1710.

No adro da Igrexa Parroquial distribúense as estacións do viacrucis, cun total de 14 cruces entre completas e estragadas. A

poucos metros, no lateral dereito da igrexa, atópase o Cruceiro da Inmaculada que conta cun capitel formado por unha bola do mundo franqueada por anxos, dous dos cales parecen sostela. Enriba, a Inmaculada Concepción aparece esmagando a cabeza dunha serpe.


CATALOGO 15

Parroquia: SAN MIGUEL DE CABREIRA

29 JUL. 1993

06 JUL. 1994

TEMPLO PARROQUIAL

TEMPLO PARROQUIAL Y COLUMNA DE LA INMACULADA

Salvaterra de Miño / julio 1990

Ficha do catálogo das Normas Subsidiarias de Salvaterra do Miño

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Igrexa de San Miguel de Cabreira, Salvaterra do Miño

A sondaxe localízase dentro do recinto da igrexa parroquial, no extremo N do adro, acaroado ao muro N de peche coa esquina dun edificio de almacenamento anexo.



Localización da sondaxe no adro da igrexa de San Miguel de Cabreira, Salvaterra do Miño

As coordenadas UTM (ETRS89) da zona de actuación son as seguintes:

- **UTMX**: 537644
- **UTMY**: 4660377

7. Formulación da intervención e obxectivos

Os nomes das 5 persoas procuradas son:

1.- Eugenio Cancelas Corrales

2.- Manuel Cancelas Corrales

3.- José Vázquez Sampedro

4.- Manuel María Blanco Costa

5.- José Benito Blanco Costa

Para ilo, realizarase unha sondaxe de 4x4 m ao norte do templo, concretamente situada no esquinal que forman o muro de cerre do recinto e unha edificación de almacenamento próxima á igrexa, para a continuación, extraer e identificar os restos e devolverllos as súas familias.

En concreto os obxectivos que se pretenden son:

- Escavación e identificación individualizada dos restos.
- Documentación e análise de campo de cada corpo identificado.
- Exhumación e extracción individual de cada corpo identificado como represaliado.
- Rexistro das marcas de violencia de cada un dos represaliados identificados.
- Análise individualizada no laboratorio para obter datos primarios non observados en campo.
- Relacionar os datos aportados polas fontes bibliográficas e documentais e as testemuñas orais cos datos obtidos durante o proceso de escavación.
- Adoptar as medidas de conservación e protección necesarias, na preservación dos restos óseos para proceder a analíticas de ADN.

O espazo que será obxecto da intervención arqueolóxica é unha fosa común na que se atopan depositados restos de vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. As fosas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto desa violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato. A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en fosas comúns.

Nestas fosas comúns podemos atopar dende unha cantidade mínima de corpos - dos asasinados- ata números máis elevados de vítimas. Porén, no caso galego non se teñen identificado moitas fosas que conteñan inxentes cantidades de corpos, unha situación que si se da noutros lugares do Estado debido ás diferenzas nas formas de exercer a violencia. A este respecto, a fosa do cemiterio de Vilarraso, en Aranga, representa o enterramento irregular máis numeroso de Galicia, con 37 corpos identificados. Sen embargo, si existe unha grande cantidade de enterramentos irregulares -e tamén regulares-, en fosas, aínda que con poucos corpos en cada unha delas.

Dentro das fosas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con fosas en campo aberto, é dicir, con fosas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados. Por outra banda,

atopamos as fosas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con anterioridade e que foron empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A fosa do cemiterio de Cabreira pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico en fase de redacción, ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia. Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión, ademais, interdisciplinar e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense.

O estudo histórico – realizado polos investigadores e investigadoras do Grupo Histagra - comeza co coñecemento das vítimas enterradas na fosa. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permite o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste sentido, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (vitimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos items asociados que referencian as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de datos de Nomes e Voces que se puido facer

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

8. Metodoloxía da intervención arqueolóxica

8.1. Estratexia de escavación

Tendo en conta a información da que se dispoñía logo das investigacións feitas en relación ao lugar no cal se sitúa a fosa na que foron depositados os restos das persoas antes mencionadas, propúxose a realización dunha sondaxe arqueolóxica dentro do espazo delimitado polo cemiterio parroquial de San Miguel de Cabreira (Salvaterra do Miño. A sondaxe inicial tivo unhas dimensións de 4x4 m, aínda que se adaptou ao espazo delimitado polo muro de cerre do recinto parroquial e a edificación anexa, así como do camiño de acceso ao cemiterio parroquial. Ao remate dos traballos tapouse a sondaxe devolvendo o terreo ao seu estado orixinal.

O espazo da sondaxe atopábase ocupado por unha acumulación de rochas, restos dun viacrucis, así como perpiaños, os cales foron retirados previamente a realización da intervención arqueolóxica coa colaboración dun canteiro.



Lugar no que se realizou a sondaxe, vista dende o S

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Localización da sondaxe.

Enténdese por sondaxe arqueolóxica, conforme ao establecido no artigo 95 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a remoción de terras complementaria da prospección orientada a comprobar a existencia de restos arqueolóxicos ou a recoñecer a súa estratigrafía.

Para a realización do proxecto contouse coa colaboración, tanto na investigación histórica como na busca, localización e exhumación do Antropólogo Forense Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Esta colaboración considérase esencial de conformidade cos protocolos vixentes sobre a materia, e nomeadamente co recollido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura comentado en anteriores apartados deste proxecto.

Fernando Serrulla conta con 20 anos de experiencia en exhumacións da Guerra Civil español, interveu en máis de 100 exhumacións en colaboración coa Sociedade de Ciencias Aranzadi,

foi designado forense responsable no convenio asinado coa Xunta de Galicia no 2022 para acometer exhumación, e é doutor pola Universidade de Granada dedicando a súa tese doutoral á Antropoloxía Forense da Guerra Civil española.

8.2. Rexistro da información

A sondaxe levouse a cabo fundamentalmente con medio manuais. Nos depósitos nos que se identificaron restos humanos ou elementos de interese, e tendo presente o protocolo antes reproducido, optouse sempre que foi posible o uso de instrumentos pequenos como palustres brocas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos.

Empregouse a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais, todo ilo circunscrito os límites da sondaxes previamente reprantexado. En consecuencia, a intervención avanzou seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación estratigráfica.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfacies que compoñen a estratificación arqueolóxica realizouse atendendo á adaptación do modelo harrisiano proposto en 1999 por César Parcero Oubiña, Fidel Méndez Fernández e Rebeca Blanco Rotea.

Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, redactáronse unhas fichas de rexistro previamente confeccionadas como as que se presentaron no proxecto arqueolóxico.

A documentación descritiva recolle unha valoración básica da secuencia estratigráfica documentada na sondaxe. A información estruturase de forma que primeiro se recolle o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado ten a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relacionase cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Para a descrición dos depósitos usáronse os seguintes criterios:

Cor	
A cor debe recollerse preferiblemente en húmido (fresco), usando os nomes das cores comúns xunto co contrastado directo co código de cores Cailleux. Fixarase a cor predominante, sen impedimento de que se recollan outros tons ou se sinale a variación de cores.	
Composición granulométrica	
Diferenciarase entre texturas de fracción fina (partículas inferiores a 2 mm de diámetro) e grosa (partículas superiores aos 2 milímetros). Para a fracción fina diferenciarase entre (de máis a menos fino) limos, areas e arxilas, mentres que a fracción grosa se clasificará en gravas (2-60 mm), pedras (61-200 mm) ou bloques (>200 mm).	
Estrutura	
A estrutura refírese á organización interna de cada unidade, diferenciarase entre estruturados e non estruturados.	
Compactado / consistencia	
Solto	Non coherente
Suave	A masa ou partículas que forman parte do depósito están

	moi debilmente unidos e fráxiles, disgrégase facilmente baixo presión moi lixeira.
Duro	Moderadamente resistente á presión. Pode disgregarse cos dedos.
Moi duro	Moi resistente á presión. Pode disgregarse coas mans só con dificultade.
Extremadamente duro	Extremadamente resistente á presión. Non se pode disgregar coas mans.
Textura	
Non adherente	O material (Sedimentario) predominante coa que está composto o depósito unha vez liberada a presión practicamente non se adhire aos dedos.
Lixeiramente adherente	O material predominante co que está composto o depósito unha vez liberada a presión o material adhírese aos dedos pero despréndese completamente.
Adherente	Despois da presión o material adhírese aos dedos e tende a estenderse bastante cando se separan os dedos.

Moi adherente	Logo da presión, o material adhírese fortemente aos dedos e é decididamente extensible cando estes se separan.
Plasticidade	
Non plástico	Non se forma cordón.
Lixeiramente plástico	Fórmase cordón pero rómpese inmediatamente se se curva en forma de aro.
Plástico	Fórmase o cordón pero rómpese ao dobralo en forma de aro.
Moi plástico	Fórmase cordón e pódese dobrar sen que se rompa.
Límites	
Abrupto	0-2 cm
Claro	2-5 cm
Gradual	5-15 cm
Difuso	>15 cm
Abundancia de restos	
Estéril	0 elementos
Moi poucos	2-5 elementos
Poucos	5-10 elementos
Abundantes	10-20 elementos
Extremadamente abundantes	>20 elementos

Para a descrición de elementos interfacies verticais/cortes:

Tipo de estrutura	Indicarase a tipoloxía atendendo aos criterios de fosa/silo, oco de poste, gabia, etc.
Forma en planta	Refírese a forma da boca en planta, que se diferenciara entre globular, cuadrangular ou irregulares.
Dimensións e profundidade	Deixarase constancia do tamaño en planta e a fondura medida entre a boca e a base, entendida como o extremo máis afastado da boca.
Paredes	Farase referencia a si as paredes son simétricas ou non, e indicarase, cando sexa posible, a pendente das paredes medidas entre a boca e a base.
Niveis de recheo	Seguiranse os criterios establecidos para a descrición das secuencias estratigráficas.
Observacións	Indicaranse tamén aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.

Para a descrición de estruturas emerxentes empregáronse os seguintes criterios:

Tipo de estrutura	Atenderase á tipoloxía de muro, pavimento, fogar, muralla, cámara, xamba, lintel, etc.
Tamaño e acabado dos materiais	Describirase o tamaño e características dos materiais que forman a estrutura, indicando si se

	usa máis de un tipo de material e, no caso de ser estruturas de pedra, indicarase, na medida do posible, o tipo de aparello.
Cimentación	Describirase o sistema empregado (gabia, etc.).
Forma	Farase constar a forma da estrutura, tanto en planta como en alzado.
Dimensións	Farase constar o ancho, o alto e a lonxitude da estrutura.
Orientación	En relación aos eixos cardinais ou outros elementos de referencia.
Observacións	Indicaranse aquelas características que resulten de interese e non foran rexistradas na descritiva.

Empregáronse coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89. Para o desenvolvemento da intervención contouse cun GPS subcentimétrico que permitiu recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfacies identificados. Fotografáronse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resultaron de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Para a documentación planimétrica priorizouse o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, cando non foi posible, empregouse o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico (AutoCAD 2014 ou semellantes).

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entregarase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIX.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

8.3. Fichas de rexistro

Fichas de rexistro das unidades estratigráficas

tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

ÍNDICE DE UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS

INTERVENCIÓN: _____ DATA: _____ PAX.___

Nº UE	TÍTULO	U.R.	TIPO	OBSERVACIÓNS

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE

XACEMENTO:		ANO:		CÓD. INTERVENCIÓN:		SECTOR:	
TÍTULO UE							

Atributos	Valores	Atributos	Valores
Tipo UE		Cor (positivas)	
Potencia		Compactación (estratos)	
Orientación		Granulometría (estratos)	
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si - Non -

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)												Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible	
Forma													
Composición/Materiais													
Frecuencia e tipo de materiais												Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos	
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:										Non
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-			Non
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-			Non

Descrición

.

Bosquexo/imaxe: Norte:

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	

Interpretación

Redactor/a da ficha:	Data:	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Fichas de rexistro das mostras que se recollan.

tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FOLLA ÍNDICE DE MOSTRAS

ACTUACIÓN:	FOLLA Nº 1

Nº	DATA	SECTOR	UR	UE	MATERIAL	DESTINO (datación, analítica, etc)	COORD.	FOTO

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

REXISTRO DE MOSTRAS

tempos arqueólogos	ACTUACIÓN	SECTOR	CATA	URs	UE(s)	Nº

Rexistrado por	Data

RECOLLIDA	Tipo de material _____
Mostra dirixida a	

Datación	Carpoloxía	Palinoloxía	Ictiofauna	Malacoloxía	Fauna	Sedimentoloxía	Microfauna	Fosfatos	Antracoloxía	Outros

Forma de recollida	Aleatoria	Agrupada	Illada	Total	Nº Litros:_____

Risco de achados intrusivos:	Alto:	Medio:	Baixo:	

Motivo do risco:

Tipo de estrutura / UE

Observacións e descrición da localización

Rexistro gráfico	Sección	Plantas	Fotos

ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA

Escala:	
UR(s):	

Coordenadas esquina inferior esquerda

X	
Y	

NORTE



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Botarase man, ademais do glosario de termo, dos esquemas anatómicos recollidos no Protocolo de Minnesota sobre a Investigación de Mortes Potencialmente Ilícitas (2016) coa finalidade de representar, de ser o caso, as características dos restos humanos que se identifiquen.

Esqueleto do corpo enteiro



Cranio – vista anterior e posterior.



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Cranio – vista lateral (esquerda – I - e dereita – D -).





TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

Cranio – base e bóveda.



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

9. Resultados da intervención arqueolóxica

No presente apartado descríbense de forma preliminar os resultados obtidos durante a realización dos traballos arqueolóxicos levados a cabo na Foxa de Cabreira, Salvaterra de Miño.

Os traballos deron comezo coa retirada das pedras de canteiría e Vía Crucis que se atopaban no lugar, coa intervención dun experto canteiro, amaroando as pezas de forma ordenada no lugar indicado polos responsables dos terreos para a posterior restauración do vía Crucis por parte da igrexa.



Retirada dos restos pétreos na zona da intervención.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Colocación dos mesmos o carón do lenzo norte da igrexa.

Unha vez retirados os restos pétreos da zona, deuse comezo ca intervención, delimitando a sondaxe previamente establecida de 4 x 4 m, que se amoldou a forma final do terreo e do camiño transitable para o acceso o cemiterio parroquial. Así, a sondaxe final resultante, foi de 3,5 m x 4 m x1,40 m x 4 m.



Estado da zona a intervir trala retirada dos restos pétreos.



Inicio da sondaxe

Situación da sondaxe realizada con ampliación:

Punto	Coord. X	Coord. Y	Coord. Z
Esquina NE	537647	46660379	56.51
Esquina NW	537641	4660377	56.35
Esquina SE	537648	4660377	56.48
Esquina SW	537643	4660374	56.30

Así e todo, comezouse coa retirada da capa vexetal e parte do asfalto do camiño actual que da acceso o novo cemiterio (**UE101**). Trátase de un depósito orgánico de unha potencia variable de entre 10 e 24 cm de potencia, composto por vexetación e restos construtivos, así como unha matriz de terra negra moi orgánica, lixeiramente plástica de compatación suave e grao medio. Tras isto, localízase un depósito que foi interpretado como un nivel de uso do adro da igrexa anterior (**UE102**). Este depósito, duns 15 cm de potencia, é de cor ocre, de compatación alta e grao fino, pouco plástico e horizontalizado, con restos de cachotes e material construtivo (ladrillos, tellas...) probablemente procedentes dos restos de traballos de mellora e

mantemento da igrexa. Este, atópase a mesma cota que a base do cruceiro que se localiza no perfil N da sondaxe, polo que pode indicar que foi utilizado como nivel de uso previo ao amortecemento do adro.



Proceso de escavación da UE102.

Atópase cortado por unha gabia de uso indeterminado, probablemente de canalización de pluviais, xa que atravesa a sondaxe de E-W, seguindo a lixeira pendente natural do terreo e paralelo ao camiño actual. Está colmatado por un depósito de terra marrón de compatación media-alta e sen restos de materiais arqueolóxicos **(UE103)**. A **UE102**, tamén se atopa alterado pola presenza de un cepo a W da sondaxe (**UE105**).

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Gabia localizada na UE102.

A continuación, e trala retirada da **UE102**, localízase en planta o que se deu por interpretar coma un recheo de nivelación **(UE107)**.



UE107 en planta.

Este depósito, de cor marrón grisáceo e con bolsadas de diferentes tonalidades, ten unha potencia variable. Trátase de un depósito de baixa compatación, pouco plástico e grao gordo,

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

composto por pequenos clastos e restos de material construtivo, no que se seguen a localizar materiais de épocas recentes, así como algúns restos óseos en posición secundaria. Neste intre localízanse varios cortes no depósito, relacionados con osarios (**UE110** e **UE114**), presumiblemente pertencentes a época do traslado do cemiterio dende o adro ata o cemiterio parroquial actual, datado de 1958. Nun destes osarios, foi localizado un cranio con restos de autopsia, o que nun primeiro momento se considerou a posibilidade da localización do corpo dunha das vítimas da represión, pero posteriormente foi descartado. Por un lado, a equipa arqueolóxica foi informada de que a construción anexa a sondaxe era a antiga sala de autopsias da parroquia, o que fai pensar que os restos pertenzan a realización das autopsias.



Localización de cranio con restos de trepanación (UE114)



Cranio trepanado (UE114)



Restos óseos descontextualizados (UE110)

Por outro lado, a unha potencia de 60-70 cm, foi localizada unha impronta (**UE108**) no E da sondaxe, que corta (**UE109**) a UE de recheo **UE107**. Esta gabia (**UE108**) (nomeada como Foxa 1), de aproximadamente 1, 60 x 50 cm, cun eixo N-S, atópase composta de un depósito de cor negro e con material construtivo contemporáneo, así como restos de ósos descontextualizados, de uns 40 cm e

compatación baixa, comprobouse que a foxa non contiña ningún resto e que estaba escavada ata acadar os niveis xeolóxicos.



Foxa 1 en planta (UE108)

Esta gabia chega ata os niveis xeolóxicos, e a priori, parecese tratar da exhumación de un corpo polo contexto no que se atopa, así como pola orientación respecto o resto das tumbas atopadas nese mesmo lugar, que se localizaron posteriormente e que se comentan a continuación.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Gabia localizada o E da sondaxe (UE108)



Foxa 1. En planta os niveis xeolóxicos unha vez retirada a UE108.

Unha vez escavada esta gabia, continúase coa retirada da **UE107**. A unha cota de 1, 50 cm, localízanse dous enterramentos en caixa (Individuos 1 e 2), con orientación N-S. Estes enterramentos teñen unhas medidas de 51 cm na parte superior e 25 cm na parte inferior aproximadamente, cunha lonxitude de 1.90 cm.



Localización dos dous enterramentos en caixas de madeira.

Estes dous enterramentos atópanse a unha cota de 1,50 m de potencia sobre o nivel de uso actual. Trátanse de dous enterramentos en caixa, de corpos masculinos, colocados decúbito supino moi degradados por mor da humidade da zona. Estes dous individuos foron denominados como **Individuo 1 (UE122) e Individuo 2 (UE124).** Nun primeiro momento non puido ser determinado se os individuos localizados foron vítimas da represión franquista, xa que o estado dos ósos non puido determinar por parte do médico forense, se tiñan signos de violencia, a espera de seren analizados no laboratorio. Se ben é certo que na caixa do **Individuo 1**, foi localizado un cartucho de pistola de 9mm que pode pertencer a un disparo recibido por un dos fusilados, polo que presumiblemente, podería trátanse de dous dos represaliados que se buscaban, aínda que as probas tanto xenéticas como as forenses, darán o resultado final.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Planta da sondaxe unha vez escavados os Individuos 1 (esquerda) e Individuo 2 (dereita).



Localización da vaina de pistola na Foxa do Individuo 1.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Vaina de bala de pistola localizado no Individuo 1.

No momento de delimitar a caixa do Individuo 1, foi localizado un pavimento (**UE117**) no perfil N, presumiblente un *opus signinum,* xa que se aprecian no corte as diferentes capas compositivas do mesmo: unha primeira capa, máis grosa de cascallo e material construtivo (tégulas maiormente), unha segunda capa de material máis fino, e unha terceira, con morteiro, neste caso, xabre. Este pavimento atópase cortado en dous momentos: na esquina NW da sondaxe, onde se localizou unha foxa circular (**UE116**) que non foi escavada e que corta este pavimento. Neste intre localízanse varios fragmentos de tégula e ímbrice de cronoloxía romana, que parecen vencellados a estas estruturas.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Foxa circular localizada en planta (UE116)

Nesta cota tamén se localiza un muro de cachotaría (**UE118**), do que soamente se conserva unha fiada, así como a gabia de cimentación (**UE119**) e o recheo da mesma (**UE120**).



Muro de cachotería localizado e gabia de cimentación (UE118 e UE120)

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Pavimento UE117 (*Opus signinum*)



Foxa circular ao NW da sondaxe e cimentación do muro localizado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Fotogrametría dos individuos 1 e 2



Pavimento (UE117) localizado no perfil N e corte realizado neste para a Foxa 4 (UE116)

Unha vez exhumados os Individuos 1 e 2 e confirmar que as tumbas se asentan sobre os niveles xeolóxicos, apréciase o que se deu como unha foxa circular baixo as tumbas que corta o nivel xeolóxico (**UE138**), así como outra foxa con tendencia circular (**UE139**) localizada baixo as tumbas dos individuos 1 e 2.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Individuos 1 e 2 exhumados e impronta da UE139 en planta.

Estas estruturas arqueolóxicas non foron escavadas, xa que non se atopaban dentro dos obxectivos da intervención, que era a localización e exhumación dos restos dos represaliados polo réxime franquista.

Tras isto, procedeuse a realizar unha ampliación da sondaxe cara o E, na procura dos individuos restantes, xa que cara o W atópase a estrutura que se utilizaba como sala de autopsias. Esta ampliación consistiu na apertura de un apéndice de 1,5 m x 1,5 m x 1,5 m anexo o perfil E.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Área da ampliación da sondaxe.

Unha vez retiradas as capas superiores que corresponden coas mesmas UUEE xa retiradas anteriormente (**UE101, 102 e 107**), foi localizada uns 30 cm de potencia, a denominada **UE142**.



Proceso de escavación no que se localiza a UE104 en planta.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



UE107 e 142 en planta.

Esta UE, de cor gris, con restos de clastos de pequeno tamaño e material construtivo, atópase moi compactada e de grao fino e pouco plástica, non foi rematada de escavar, xa que a unha cota de 50cm localízanse dúas tumbas de laxas con orientación E-W, de cronoloxía indeterminada (**UE132** e **UE134**) e que se atopan colmatados por este estrato (**UE142**). Estes enterramentos históricos con restos óseos non foron escavados, xa que se consideraron restos arqueolóxicos.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Localización das tumbas históricas en planta

A UE (**UE142**) atopase cortada pola **UE131** no W**;** trátase de un corte realizado para a inhumación dun corpo que foi localizado unha vez retirada a **UE107** nese sector, o denominado **Individuo 4**, así como outro enterramento. Estes, foron localizados unha vez retirados os estratos superiores (**UE142** e **UE107**). Trátase de dous enterramentos paralelos os anteriores **Individuo 1** e **2**, de características similares e soamente separados pola denominada Foxa 1 (**UE108**), que se deron en chamar **Individuo 3** e **Individuo 4**. Nestas tumbas, de características similares as anteriores (**Individuos 1** e **2**), atopáronse os restos de dous individuos, nos que se localizaron obxectos persoais (unha carteira moi deteriorada con moedas e un obxecto no peito que foron estudados para tentar determinar a súa función e orixe).Estas moedas, tralo seu estudo, podemos determinar que se trata de:

- 2 moedas de 10 centavos da República Portuguesa de 1926.
- 1 moeda de 5 centavos da República Portuguesa (data indefinida).
- 1 moeda de 20 centavos da República Portuguesa de 1924

- 1 moeda indeterminada.
- 1 moeda de 50 centavos da República portuguesa (data indeterminada).



5

Localización dos Individuos 3 e 4



Proceso de escavación dos Individuos 3 e 4

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Individuos 3 e 4 escavados en planta.



Localización dunha carteira con moedas no Individuo 3.

Unha vez exhumados estes dous individuos, procedeuse a retirada de terra e delimitación das foxas que contiñan os individuos. Neste intre, unha vez realizada a exhumación dos restos, foron localizadas

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

dúas foxas semicirculares baixo estes enterramentos, escavadas no que parecen os niveis xeolóxicos sobre os que se asentan as tumbas (**UE140** e **UE142**). Estas foxas semicirculares teñen dimensións similares a rexistrada anteriormente (**UE138**) e se atopan na mesma cota. Non foron escavadas o non tratarse do obxectivo da intervención.



Situación das foxas localizadas.



Fotogrametría dos individuos 3 e 4

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Foxas localizadas baixo os enterramentos.

Así, deuse por finalizada a intervención, o considerar que se cumpriron os obxectivos da mesma.

Os obxectos vencellados os individuos exhumados, no caso de seren identificados como restos dos individuos represaliados, serán entregados os familiares dos mesmos.

No caso dos resto dos materiais arqueolóxicos, serán lavados, siglados, inventariados, e fotografados, para a súa posterior entrega no museo que indica na resolución a Administración Competente en materia de Patrimonio.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Fotogrametría do estado final da intervención

Unha vez realizado o rexistro arqueolóxico do sitio, procedeuse a realizar o tapado da sondaxe, colocando unha capa de malla de xeotéxtil para protexer os restos arqueolóxicos localizados. A sondaxe foi restituída o seu estado orixinal por medios mecánicos, proporcionados polo concello de Salvaterra de Miño.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Colocación da malla.



Malla para protexer os restos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos



Tapado dos restos por medios mecánicos



Estado final dos terreos.

9.1. Índice de Unidades Estratigráficas:

Nº UE	TÍTULO	TIPO	OBSERVACIÓNS
101	Cuberta vexetal e asfalto	Depósito	Nivel de axardinamento e camiño
102	Nivel de uso	Depósito	Nivel de uso anterior do adro
103	Corte gabia	Corte	Gabia de pluviais
104	Depósito gabia	Depósito	Depósito da gabia de pluviais
105	Corte cepo	Corte	Corte colmatado pola UE106
106	Cepo	Depósito	Cepo que altera a zona a escavar
107	Depósito de recheos	Depósito	Depósito de recheos que nivelan o cemiterio
108	Foxa 1	Depósito	Foxa que se atopa no E da sondaxe
109	Corte Foxa 1	Corte	Corte colmatado pola UE108
110	Foxa 2	Depósito	Foxa dunha redución ósea localizada na esquina SW
111	Corte Foxa 2	Corte	
112	Depósito amarelo	Estrutura	Igual a UE117
113	Corte Foxa 3	Corte	
114	Foxa 3	Depósito	Osario localizado no perfil N
115	Corte Foxa 4	Corte	
116	Foxa 4	Depósito	Foxa circular non escavada localizada no NW da sondaxe
117	Pavimento	Estrutura	Pavimento de opus signinum
118	Muro	Estrutura	Muro no se que se conserva a última fiada
119	Corte cimentación do muro	Corte	
120	Depósito cimentación do muro	Depósito	Depósito de colmatación da UE 119
121	Corte Tumba 1	Corte	
122	Tumba 1	Depósito	Individuo 1
123	Corte Tumba 2	Corte	
124	Tumba 2	Depósito	Individuo 2
125	Depósito vexetal e asfalto	Depósito	Igual a UE101. Localizado na ampliación

126	Nivel de uso	Depósito	Igual a UE102. Localizado na ampliación
127	Depósito de recheos	Depósito	Igual a UE107. Localizado na ampliación
128	Tumba 3	Depósito	Individuo 3
129	Corte Tumba 3	Corte	
130	Tumba 4	Depósito	Individuo 4
131	Corte tumba 4	Corte	
132	Estrutura Tumba 5	Estrutura	Tumba Histórica indeterminada non escavada
134	Corte Tumba 5	Corte	
135	Estrutura tumba 6	Estrutura	Tumba Histórica indeterminada non escavada
136	Corte tumba 6	Corte	
137	Niveis xeolóxicos	Depósito	Niveis de composición xeolóxica
138	Foxa 5	Depósito	Foxa de tendencia circular localizada baixo o Individuos 1 e 2
139	Corte Foxa 5	Corte	
140	Foxa 6	Depósito	Foxa de tendencia circular localizada baixo os Individuos 3 e 4
141	Corte Foxa 6	Corte	
142	Depósito colmatación tumbas históricas	Depósito	Depósito que colmata as tumbas históricas e cortado por UE139 e UE141

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

9.2. Matriz Harris da intervención



TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

9.3. Síntese interpretativa

A través da escavación arqueolóxica da sondaxe e da súa ampliación, documentáronse unha serie de depósitos vencellados ao uso tradicional como espazo funerario dun cemiterio e do adro da igrexa de Cabreira. Trala retirada destes depósitos, foron localizadas cinco foxas, catro delas con individuos que poderían pertencer a catro dos cinco represaliados obxecto da búsquea. A maiores, foi localizada no medio dos catro enterramentos (dous e dous) o que podería ser unha foxa con unha exhumación previa e que podería pertencer a un quinto individuo represaliado. Estas foxas se asentan sobre os niveis xeolóxicos do terreo e cunha orientación N-S.

Durante os traballos de escavación, foron localizados varios elementos de interese arqueolóxica, como é un muro, e un pavimento (*opus signinum*), que se atopan cortados por estes enterramentos. Tamén foron localizadas varias foxas con tendencia circular (3), que se atopan baixo os niveles de enterramento dos individuos: unha delas na esquina NW da sondaxe, outra baixo o enterramento dos Individuos 1 e 2, , e outra baixo os individuos 3 e 4. Estes elementos arqueolóxicos non foron escavados, xa que non se atopaba dentro dos obxectivos da intervención. Os materiais arqueolóxicos asociados a estes elementos, poden falar de unha posible cronoloxía romana.

Tamén foron localizados, no Leste da sondaxe, dúas tumbas compostas por laxas e orientación E-W, de cronoloxía indeterminada, que se atopan afectadas polos enterramentos posteriores dos individuos 3 e 4.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

10. Material arqueolóxico

O material arqueolóxico atopado durante a intervención foi vinculado á UE de localización e posteriormente lavado, siglado e inventariado, depositarase no museo que a Administración considerou oportuno. A sigla proposta é: **FCC24.UE/01** (Fosa Común Cabreira Ano 2024.número de UE/ número de peza). Foi realizada unha base de datos de materiais, en formato Excel, no que se inclúe a sigla de cada fragmento, o material no que está realizado e súa tipoloxía, ademais de outros datos que poidan resultar de interese para a súa mellor identificación e contextualización.

Os restos óseos ou obxectos de índole persoal identificados entregaránselle ás familiares das persoas enterradas na fosa unha vez rematada a investigación de ser o caso, xa que este tipo de restos non poden ser considerados como bens do patrimonio arqueolóxico dado que este tipo de restos pertencen ao dominio público e a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían os dereitos e se establecen medidas en favor os que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, o destino dos restos humanos é a súa recuperación polos descendentes directos das persoas asasinadas, a súa identificación e eventual traslado a outro lugar ou a inhumación no cemiterio correspondente ao termo municipal no que se atoparan.

10.1. Materiais recuperados

Neste apartado, preséntase un estudo superficial dos achados exhumados durante a intervención, tentando concretar a cronoloxía dos corpos exhumados en relación co material localizado, así como establecer unha relación crono-tipolóxica do sitio arqueolóxico localizado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

O material correspondente con restos óseos ou obxectos de índole persoal, após do seu estudo, tanto arqueolóxico coma forense, entregaránselles os familiares das persoas enterradas na foxa – xunto cos restos mortais do asasinado-, de houberes, xa que este tipo de restos non poden ser considerados como bens do patrimonio arqueolóxico dado que pertencen ao dominio público, segundo a Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e se amplían os dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, o destino dos restos humanos é a súa recuperación polos descendentes directos das persoas asasinadas, a súa identificación e eventual traslado a outro lugar ou a inhumación no cemiterio correspondente ao termo municipal no que se atoparan.

A meirande parte dos restos arqueolóxicos recuperados, pertencen a material construtivo, de cronoloxía probablemente romana ou tardorromana, principalmente tégulas, probablemente vencelladas a localización do pavimento (UE117) e o muro (UE118). Tamén foi recuperado un fragmento de cerámica común romana.

En total, foron recuperados un total de 47 pezas, das cales, 23, son de cronoloxía romana, o que supón o 48,94% dos totais recuperados, mentres que o 44,68%, supón o material de época contemporánea, vencellada os restos exhumados na súa maioría. Non obstante, tamén foron recuperados restos de louza e material cerámico contemporáneo.

A continuación, preséntanse unha selección dos materiais recuperados durante a intervención levada a cabo en setembro de 2024:



FCC24.128/05



FCC24.128/05

Carteira e moedas recuperadas no Individuo 3 (UE128)





FCC24.122/08

Vaina recuperada no corpo do Individuo 1 (UE122)





FCC24.122/09

Restos óseos, metal e madeira localizado na Tumba do Individuo 1. Indeterminado.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos





FCC24.122/10

Botón localizado na Tumba do Individuo 1





FCC24.124/06

Restos de calzado do Individuo 2.

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos





FCC24.116/01, FCC24.116/02, FCC24.116/03 e FCC24.116/09

Material construtivo vencellado a UE116



FCC24.116/02

Material construtivo vencellado a UE116



FCC24.116/01

Material construtivo vencellado a UE116



FCC24.116/04

Material construtivo vencellado a UE116



FCC24.116/09

Material construtivo vencellado a UE116

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

10.1.1. Táboa de inventario de materiais

Sigla	UE	Material	Produción	Parte	Modelado	Tipo	Técnica Decoración	Motivo decoración	Cronoloxía	Observacións
FCC24.102/01	102	Numismática	Bronce		Molde	Moeda			Contemporánea	
FCC24.102/02	102	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Tégula			Romana	
FCC24.102/03	102	Cerámica	Cerámica común	Asa	Manual	Descoñecido	Vidrada		Contemporánea	
FCC24.102/04	102	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Molde	Descoñecido			Romana	
FCC24.102/05	102	Cerámica	Louza	Fragmento	Molde	Prato?	Pintada - Esmaltada	Lineal	Moderna	
FCC24.116/01	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Pestaña	Molde	Tégula			Romana	
FCC24. 116/02	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Pestaña	Molde	Tégula			Romana	Pasta branca
FCC24. 116/03	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24. 116/04	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Espatulada	Dedada	Romana	
FCC24. 116/05	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Espatulada		Romana	
FCC24. 116/06	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Espatulada	Dedada	Romana	
FCC24. 116/07	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24. 116/08	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24. 116/09	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Impresa	Dedada	Romana	Pasta branca
FCC24. 116/10	116	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FCC24.122/01	122	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido			Romana	
FCC24.122/02	122	Cerámica	Cerámica común romana	Fondo	Torno	Descoñecido			Romana	
FCC24.122/03	122	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido	Espatulada		Romana	
FCC24.122/04	122	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Espatulada		Romana	
FCC24.122/05	122	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido	Espatulada		Romana	
FCC24.122/06	122	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24.122/07	122	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido			Romana	
FCC24.122/08	122	Metal	Ferro		Molde	Vaina			Contemporánea	
FCC24.122/09	122	Restos óseos - Metal - Madeira	Indeterminado	Fragmento	Indeterminado	Descoñecido			Contemporánea	Fibela e posible prótese
FCC24.122/10	122	Madeira	Indeterminado		Manual?	Botón			Contemporánea	
FCC24.122/11	122	Caucho	Indeterminado	Fragmento	Molde	Calzado		Romboidal	Contemporánea	Sola de zapato moi fragmentada
FCC24.122/12	122	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Indeterminado			Contemporánea	Posibles restos de ataúde
FCC24.123/01	123	Metal e téxtil	Indeterminado	Fragmento	Indeterminado	Descoñecido			Indeterminada	Fragmento mineralizado
FCC24.124/01	124	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24.124/02	124	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido			Romana	
FCC24.124/03	124	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice			Romana	
FCC24.124/04	124	Cerámica	Material cerámico de construción	Fragmento	Molde	Ímbrice	Espatulada		Romana	
FCC24.124/05	124	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Asas e crucifixo			Contemporánea	Restos de ataúde
FCC24.124/06	124	Caucho	Indeterminado	Fragmento	Molde	Calzado		Romboidal	Contemporánea	Sola de zapato
FCC24.128/01	128	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Fibela			Contemporánea	

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

FCC24.128/02	128	Caucho	Indeterminado	Fragmento	Molde	Calzado		Romboidal	Contemporánea	Sola de zapato
FCC24.128/03	128	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Chatolas			Contemporánea	Posibles chatolas de ataúde
FCC24.128/04	128	Madeira - Coiro	Indeterminado	Fragmento	Manual	Carteira			Contemporánea	Posibles restos dunha carteira
FCC24.128/05	128	Metal - Coiro - Madeira	Ferro - Bronce - Indeterminado	Fragmento	Manual e Molde	Carteira e moedas			Contemporánea	As moedas, da República Portuguesa, datan de 1924 e 1926
FCC24.128/06	128	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Cravos			Contemporánea	Posibles restos de ataúde
FCC24.130/01	130	Cerámica	Cerámica común romana	Fragmento	Torno	Descoñecido			Romana	
FCC24.130/02	130	Coiro	Indeterminado	Fragmento	Indeterminado	Descoñecido			Contemporánea	
FCC24.130/03	130	Caucho?	Indeterminado	Fragmento	Indeterminado	Calzado			Contemporánea	Restos de calzado
FCC24.130/04	130	Mineral	Grafito	Fragmento	Indeterminado	Mina de lapis			Contemporánea	Posible mina de lapis
FCC24.130/05	130	Metal	Ferro	Fragmento	Molde	Cravos			Contemporánea	Posibles restos de ataúde
FCC24.130/06	130	Madeira - Coiro	Indeterminado	Fragmento	Manual	Calzado			Contemporánea	Bota do pé dereito
FCC24.130/07	130	Madeira - Coiro	Indeterminado	Fragmento	Manual	Calzado			Contemporánea	Bota do pé esquerdo

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es
www.tempos.es TemposArqueologos

11. Valoracións finais

Entre os días 18 e 29 de novembro de 2024, executouse a actuación denominada "Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio parroquial de Cabreira, Salvaterra de Miño, Pontevedra", autorizada mediante a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data do 1 de outubro de 2024.

Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-			Material:	-		Non	

Descrición

.

Corte realizado para a estrutura da Tumba 6.

Bosquexo/imaxe: Norte: ↗



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por	135	Reenche a	
Cortada por	131	Corta a	142
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Corte para realizar un enterramento en laxas.

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**26/11/2024**	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 135

XACEMENTO:	Foxa cabreira	**ANO:**	2024	**CÓD. INTERVENCIÓN:**	FCC'24	**SECTOR:**	2
TÍTULO UE	Estrutura Tumba 6						

Atributos	**Valores**	**Atributos**	**Valores**				
Tipo UE	Recheo	**Cor (positivas)**	Negro				
Potencia		**Compactación (estratos)**	Media				
Orientación		**Granulometría (estratos)**	Arxiloso				
Inclinación		**Fotografía (non, indicar motivo)**	Si	x	Non	-	

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)												Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible			
Forma	Rectangular														
Composición/Materiais	Terra arxilosa, negra con carbóns.														
Frecuencia e tipo de materiais	Óso humano e material construtivo.											Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos			
Debuxo	Si:	Perfil:	x	Planta:	x									Non	
Topografía	Si:	Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-			Non	
Mostra	Si:	Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-			Non	

Descrición

Recheo do corte 136, pertencente a tumba 6, composto por unha terra negra arxilosa de consistencia media. Conten carbóns, material construtivo e ósos humanos, que se atopa reenchendo unha estrutura de laxas seccionadas polo corte realizado para a realización da foxa do Individuo 4 (UE131)

Bosquexo/imaxe: Norte: ↗



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións			
Igual a			
Cuberta por	142	Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	136
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Tumba 6 en laxas.

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**26/11/2024**	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 139

XACEMENTO:	Foxa Cabreira	**ANO:**	2024	**CÓD. INTERVENCIÓN:**	FCC'24	**SECTOR:**	
TÍTULO UE	Corte foxa 5						

Atributos	**Valores**	**Atributos**	**Valores**			
Tipo UE	Corte	**Cor (positivas)**	-			
Potencia	-	**Compatación (estratos)**	-			
Orientación	-	**Granulometría (estratos)**	-			
Inclinación	-	**Fotografía (non, indicar motivo)**	Si	x	Non	-

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	1,2 m x 0.86m									Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible			
Forma	oval												
Composición/Materiais													
Frecuencia e tipo de materiais										Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos			
Debuxo	Si: Perfil:	x	Planta:	x								Non	
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-		Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-		Non	

Descrición

Corte de forma oval situado baixo as tumbas 1 e 2 (parcialmente. Corta o xabre. Non foi escavada.

Bosquexo/imaxe: Norte: ↗



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por	138	Reenche a	
Cortada por		Corta a	Niveis xeolóxicos (UE137)
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Foxa de forma con tendencia circular non escavado.

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**28/11/2024**	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 138

XACEMENTO:	Foxa cabreira	**ANO:**	2024	**CÓD. INTERVENCIÓN:**	FCC'24	**SECTOR:**	
TÍTULO UE	Foxa 5						

Atributos	**Valores**	**Atributos**	**Valores**
Tipo UE	Recheo	**Cor (positivas)**	Negro
Potencia		**Compactación (estratos)**	Alta
Orientación		**Granulometría (estratos)**	Fina - arxilosa
Inclinación		**Fotografía (non, indicar motivo)**	Si / Non -

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	1,2 m x 0.86m	Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible
Forma	oval	
Composición/Materiais	carbóns	
Frecuencia e tipo de materiais		Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos

Debuxo	Si: Perfil:	x	Planta:	x								Non		
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-	Non			
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-	Non			

Descrición

Recheo da foxa circular situada baixo as tumbas 1 e 2 (da guerra civil). Pese a non podelas escavar o que se observou é que presenta unha coloración negra axudado pola presenza de carbóns na súa composición. Ten unha compactación alta e unha granulometría fina- arxilosa.

Bosquexo/imaxe: Norte: ↗



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	217
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Recheo dun posible silo anterior as foxas de estudo.

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**28/11/2024**	Fase:	Revisada:

tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 141

XACEMENTO:	Foxa Cabreira	ANO:	2024	CÓD. INTERVENCIÓN:	FCC'24	SECTOR:	
TÍTULO UE	Corte foxa circular 3						

Atributos	Valores	Atributos	Valores
Tipo UE	Corte	Cor (positivas)	
Potencia		Compactación (estratos)	
Orientación		Granulometría (estratos)	
Inclinación		Fotografía (non, indicar motivo)	Si x Non -

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	0.90 m x 1 m									Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible			
Forma	oval												
Composición/Materiais													
Frecuencia e tipo de materiais										Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos			
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:	x								Non	
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-		Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-		Non	

Descrición

Corte de forma oval situado baixo as tumbas 3 e 4 (da guerra civil) parcialmente. Corta o xabre.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Bosquexo/imaxe: Norte:



Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	
Cortada por		Corta a	214
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Corte dun posible silo anterior as foxas da guerra civil.

Redactor/a da ficha:	SSG	Data:	28/11/2024	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 140

XACEMENTO:	Foxa cabreira	**ANO:**	2024	**CÓD. INTERVENCIÓN:**	FCC'24	**SECTOR:**	
TÍTULO UE	Recheo foxa circular circular 3						

Atributos	**Valores**	**Atributos**	**Valores**
Tipo UE	Recheo	**Cor (positivas)**	Negro
Potencia		**Compactación (estratos)**	Alta
Orientación		**Granulometría (estratos)**	Fina - arxilosa
Inclinación		**Fotografía (non, indicar motivo)**	Si / Non -

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)	0.90 m x 1 m											Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible		
Forma														
Composición/Materiais	carbóns													
Frecuencia e tipo de materiais												Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos		
Debuxo	Si:	Perfil:		Planta:	x								Non	
Topografía	Si:	Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-		Non	
Mostra	Si:	Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-		Non	

Descrición

Recheo da foxa circular situada baixo as tumbas 3 e 4 (da guerra civil). Pese a non podelas escavar o que se observou é que presenta unha coloración negra axudado pola presenza de carbóns na súa composición. Ten unha compactación alta e unha granulometría fina- arxilosa.

Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Bosquexo/imaxe:

Norte: ⬆



Relacións		Igual a	
Cuberta por		Cobre a	
Reenchida por		Reenche a	217
Cortada por		Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Recheo dun posible silo anterior as foxas de estudo.

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**28/11/2024**	Fase:	Revisada:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 www.tempos.es
info@tempos.es TemposArqueologos
677 164 635 650 337 454

FICHA DE UNIDADE ESTRATIGRÁFICA

Nº UE: 142

XACEMENTO:	Foxa Cabreira	**ANO:**	2024	**CÓD. INTERVENCIÓN:**	FCC'24	**SECTOR:**	2
TÍTULO UE	Depósito de colmatación das Tumbas históricas						

Atributos	**Valores**	**Atributos**	**Valores**			
Tipo UE	Nivelación	**Cor (positivas)**	Gris claro			
Potencia	30 cm	**Compatación (estratos)**	Media			
Orientación	-	**Granulometría (estratos)**	Fino			
Inclinación	-	**Fotografía (non, indicar motivo)**	Si		Non	-

Dimensións (Lonx x Alt x Anch)											Indicar en función dos eixos cardinais N-S, E-O a ser posible			
Forma														
Composición/Materiais	Clastos e material construtivo													
Frecuencia e tipo de materiais	Media. Material construtivo										Arqueolóxicos ou non, p.ex: clastos			
Debuxo	Si: Perfil:		Planta:										Non	
Topografía	Si: Estación:		GPS:	-	Fotogrametría	-	Cota máxima:	-	Cota mínima:	-			Non	
Mostra	Si: Datación:	-	Flotación:	-	Testemuña	-	Outros	-	Material:	-			Non	

Descrición

Estrato grisáceo formado por terra, pedras e material construtivo. Ten unha compatación media e granulometría media, limosa.
Esta UE atópase baixo a UE102, o nivel de uso tradicional do adro. Atópase colmatando as estruturas furearias UE132 e UE135.

Bosquexo/imaxe: Norte: ↗



Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible
Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo.
Elementos construtivos: materiais, tratamento/talla, técnica construtiva/aparello, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións.
Interface construtiva: forma, dimensións, observacións
Bosquexo: Indicar UE de maneira numérica no mesmo.
←↑→↓↖↗↘↙

Relacións		Igual a	
Cuberta por	102	Cobre a	132 e 135
Reenchida por		Reenche a	
Cortada por	131	Corta a	
Apóiaselle		Apóiase en	



Interpretación

Depósito de colmatación do cemiterio histórico

Redactor/a da ficha:	**SSG**	Data:	**25/11/2024**	Fase:	Revisada:

XUNTA DE GALICIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN GA/ AC/ RE/ TO

2. LOCALIZACIÓN

. Nome do xacemento: Cemiterio de cabreira

. Provincia: Pontevedra

. Concello: Salvaterra de Miño

. Parroquia: San Miguel de Cabreira

. Lugar: Cabreira

. Nº de Folla (1:50.000): Nº de Cuadricula (1:5.000):

. Proxección **UTM: X**: **537644.303 , Y: 4660376.641 (ETRS89 Fuso29)**

. Coord. **Xeográficas: Lonx.:** -**Lat.:**

. Altitude: 57 m s.n.m.

Descrición de accesos:

Dende o cruce de Salceda de Caselas, dirección Salvaterra, coller a primeira saída na PO-510 dirección Cabreira. No cruce onde se atopa a Farmacia de Cabreira, coller a dereita e continuar ata a Igrexa de San Miguel de Cabreira, no seu adro, atópase o xacemento.

3. CARACTERÍSTICAS DA SITUACIÓN

. Posición topográfica:

O xacemento localízase no adro da Igrexa de San Miguel de Cabreira. O lado do lenzo N da mesma xunto o Cruceiro do Vía Crucis.

. Utilización dá contorna:

Adro e antigo cemiterio.

4. ESTADO ACTUAL

O adro atópase axardinado e con un camiño de asfalto.

.•Vexetación:

Axardinado.

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

.•Destrucións e alteracións:

O xacemento sufriu diferentes alteracións o longo da súa historia, como consecuencia do uso tradicional como adro e cemiterio da igrexa.

. Tipo de propiedade:
Privada

5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN

6. MATERIAIS

. Descrición:

Atopáronse materiais cerámicos construtivos de cronoloxía romana (tégulas e ímbrices, principalmente)

. Procedencia:

. Lugar actual do depósito:

- Museo ou colección pública: .Museo Provincial de Pontevedra.

- Museo ou colección privada:

- Particular. Nome(s) e dirección(s):

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

7. ESBOZO E DESCRICIÓN

Trátase de un xacemento localizado durante a realización do proxecto arqueolóxico denominado "Intervención arqueolóxica para a identificación e exhumación dunha foxa con vítimas da represión franquista no cemiterio da igrexa parroquial de Cabreria (Salvaterra de Miño, Pontevedra)"
Durante as labores de escavación, foron localizados diferentes elementos de índole arqueolóxica: Un pavimento en mal estado de conservación, que se localizou no perfil N da sondaxe, e que se atopa cortado por unha foxa de tendencia circular que non foi escavada, ao non estar enmarcado dentro dos obxectivos da intervención, así como polas propias foxas da Represión Franquista, dos que foron recuperados 4 Individuos, que no momento da redacción da ficha, se atopan en proceso de estudo polo forense, aínda que no enterramento do Individuo 1, foi localizada unha vaina de pistola, o que nos fala dun posible enterramento violento.
Na contorna destes elementos, foi localizado un muro de cachotería, do que se conserva soamente unha fiada e a gabia de cimentación, tamén alterado polas foxas.
Xunto a estas estruturas arqueolóxicas, foron localizados diferentes restos de materiais de cronoloxía romana, maiormente tégulas e ímbrices.
Baixo as foxas dos posibles represaliados, foron localizadas outras dúas foxas de tendencia circular, que tampouco foron escavadas, polo mesmo motivo que a anterior.
Cara o E da sondaxe realizada, foron localizadas tamén, dúas tumbas en laxas, de cronoloxía indeterminada e que tamén se atopan cortadas polas foxas dos represaliados.
Estas estruturas arqueolóxicas non foron escavadas.
Polo tanto, estamos nun contexto con unha cronoloxía que abrangue dende polo menos a época romana coas estruturas e materiais localizados, ata a contemporánea, na que se enmarcan as posibles foxas dos represaliados.

XUNTA DE GALICIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Individuos 1 e 2



Individuos 3 e 4

XUNTA DE GALICIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Pavimento localizado no perfil N da sondaxe



Tumbas en laxas localizadas no E da sondaxe

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Muro de cachotería



Unha das foxas con tendencia circular localizada baixo os enterramentos

XUNTA DE GALICIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Foxas localizadas baixo os enterramentos



Foxa circular no NW da sondaxe

XUNTA DE GALICIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Fotogrametría final da intervención

Redactor: Sergio Sánchez García

Lugar e data: Santiago de Compostela, 26/02/2025

INFORME HISTÓRICO PREVIO

EXHUMACIÓN NA FOSA DO CEMITERIO DE SAN MIGUEL DE CABREIRA, SALVATERRA DO MIÑO



Conchi López Sánchez

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

ÍNDICE

1. Antecedentes ..……..……..…...3
2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización 6
3. Fichas individuais das vítimas 24
4. Documentación do espazo a intervir: a historia do cemiterio 29
5. Recoñecemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa 37

Bibliografía 48

Fontes 49

1. Antecedentes



Figura 1. Mapa actual onde se aprecia o vello cemiterio do adro da Igrexa de San Miguel de Cabreira, Salvaterra de Miño, e o novo cemiterio construído a finais dos anos cincuenta. Fonte: Google Maps.



Figura 2. Plano do cemiterio de San Miguel de Cabreira, Salvaterra de Miño, ca. 1956. Fonte: Vuelo Americano (Serie B, 1956-1957), Fototeca Digital, IGN.

O comezo das nosas pescudas dáse a raíz dunha dobre petición, neste caso, relacionadas con asociacións memorialísticas. Por un lado, da sección de Memoria Histórica de Salvaterra do Miño, integrada, hoxe en día, na Comisión pola recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, Condado e Louriña. Concretamente, de Antón Lorenzo González e Anxo López Méndez, persoas que levan moitos anos traballando en cuestións de memoria, en Salvaterra de Miño. Por outro lado, a chamada de Xosé Novas Piñeiro, involucrado nas pescudas sobre a violencia de 1936 e a memoria democrática no concello de Bueu e a comarca do Morrazo. As dúas partes poñen os esforzos en tratar de identificar as cinco vítimas inscritas no rexistro de defuncións de Salvaterra de Miño, a mediados de outubro de 1936, e enterradas nunha fosa no cemiterio de San Miguel de Cabreira, no mesmo concello (figs. 1 e 2).

Esta é unhas das fosas rexistradas, grazas ao traballo previo do proxecto Nomes e Voces, na base de datos manexada polo Plan de Memoria Democrática en Galicia (2021-2024). A información previa que tiñamos dela é a seguinte: constaba como lugar de enterramento de 5 vítimas da violencia de 1936, con identidade descoñecida, grazas á información obtida do rexistro de defuncións de Salvaterra. Trátase, ademais, dunha fosa memorializada moi recentemente, coñecida pola veciñanza, e na que teñen lugar diferentes actos de conmemoración. O último deles, celebrado o pasado 22 de outubro de 2023, con motivo da inauguración dun monolito de pedra e a plantación dunha oliveira, en homenaxe e recordo das vítimas enterradas en Cabreira (fig. 3)[1].

Neste contexto, as nosas investigacións, xiraron ao redor da identificación das vítimas e da localización da fosa na que foron inhumadas, dentro do cemiterio. Neste sentido, as partes solicitantes e outros colaboradores como Xosé Ramón Paz Antón, achegaron diversa e abundante información, entre a que destaca, por un lado, a recompilación de testemuños sobre a localización da fosa, e, por outro,

[1] *Nós Diario*, 20/10/2023. *Faro de Vigo*, 24/10/2023.

unha hipótese sobre a identificación dos cinco corpos alí enterrados e rexistrados como descoñecidos.



Figura 3. Monolito homenaxe ás cinco vítimas asasinadas o 18 de outubro de 1936 e enterradas nunha fosa no cemiterio de San Miguel de Cabreira. Fonte: fondo HISTAGRA

2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

O rexistro de defunción de Salvaterra recolle cinco persoas "descoñecidas" enterradas no cemiterio de Cabreira, o 19 e outubro de 1936, e asasinadas o día anterior. As investigacións encamiñadas cara a resolución deste enigma foron un elemento central na actividade do Plan de Memoria. Os "desaparecidos" en réximes ditatoriais durante o século XX, e incluso XXI, son cuestións de primeira orde noutros contextos, como Arxentino ou Colombia. Neste último caso, a *Comisión de la Verdad*, segundo datos do proxecto conxunto *JEP-CEV-HRDAG,* apunta que entre 1985 e 2016 existen ao redor de 121.7668 persoas que foron desaparecidas forzosamente en Colombia[2]. En Galicia, en termos absolutos, esta cifra non é tan significativa, relativamente. Na base de datos de Nomes e Voces, entre 1936 e 1939, por un lado, están rexistradas 326 persoas das que non temos constancia do seu nome e apelidos, ou no seu lugar, unicamente nos consta un nome ou un apelido, que non permite realizar e confirmar a súa identificación. Por outro lado, a base de datos recolle ao redor de 850 persoas identificadas –con nome e apelidos– pero cun suceso violento "descoñecido", o que significa que non se atopou o seu corpo ou non se ten identificada a súa trazabilidade violenta. É dicir, estamos a falar en Galicia, entre 1936 e 1939, de mais de mil persoas "desaparecidas": corpos sen nome e nomes sen corpo; que constitúen ao redor dun 6,5% do total de vítimas rexistradas e case unha quinta parte do total de vítimas mortais.

Volvendo ao caso que nos ocupa, a primeira vía de investigación centrouse en analizar unha posible identificación dos corpos achegada por Xosé Novas, coñecido estudoso da memoria na comarca do Morrazo. A conexión entre Moaña e Salvaterra establécese, por medio de Anxo López que, tras falar con todas as persoas maiores de Cabreira, unha delas mencionou, de pasada, que no seu tempo houbera un rumor de que os cinco descoñecidos eran de Moaña. Nun

[2] Comisión de la Verdad, Colombia.

encontro casual, compartiron información e Pepe tratou de buscar se eses cinco descoñecidos puideran ser veciños da súa comarca.

Segundo as súas hipóteses, os corpos enterrados en Cabreira, serían os dos irmáns **Eugenio e Manuel Cancelas Corrales, José Vázquez Sampedro e os irmáns Manuel María e José Benito Blanco Costa**. Todos eles teñen en común que eran veciños de Moaña e foron dados por mortos e desaparecidos, en 1936, entendendo que, *a priori*, carecemos de información con base documental sobre a súa morte –data, lugar e contexto– que nos indique a localización dos seus cadáveres. Na procura de ampliar información, recorremos á bibliografía local sobre os sucesos violentos en Moaña tras o golpe de Estado, á documentación de carácter militar relacionada coas causas xudiciais –por se houbese información nas dilixencias sobre a súa traxectoria–, á documentación do goberno municipal e incluso, a información relacionada con dilixencias sumariais preventivas instruídas polo xulgado de Salvaterra –ou outros da provincia de Pontevedra– sobre a aparición de cadáveres. O obxectivo foi buscar elementos que nos permitisen contrastar ou desbotar a hipótese de identificación dos cinco corpos descoñecidos de Cabreira cos cinco moañeses desaparecidos.

O Golpe en Moaña seguiu pautas moi similares ao resto do territorio galego. A partir do día 20, como resposta, organízase unha requisa de armas e as primeiras partidas de resistencia, que pronto se tornarían nas primeiras fuxidas e asasinatos. O día 23 de xullo chega de Marín unha milicia coa intención de destruír os símbolos e ocupar as sedes de poder local republicano: expropiaron a casa sindical para convertela en cuartel de Falange e queimaron a biblioteca[3].

No mes de agosto teñen lugar as primeiras fuxidas ao monte –como a de Manuel Fervenza Pena e o seu irmán José, que o día tres escapan por medo a ser detidos ou incluso asasinados[4]–, pero tamén, detencións e matanzas, moitas delas deixando un elevado número de desaparecidos. Ditas desaparicións son un feito relativamente común nas zonas costeiras galegas onde a actividade sindical

[3] González e Villaverde, 1999: 217.
[4] Causa 1212/36, folio 3r, AIMNOR.

arraigara con forza durante a II República. O mar e as rías galegas convertéronse en grandes fosas que acolleron moitos corpos dos seus afiliados e dirixentes, mortos a consecuencia da violencia golpista[5].

No caso dos veciños de Moaña, a base de datos de Nomes e Voces recolle que o 24% das vítimas foron asasinadas, e delas, só se puido identificar a trazabilidade violenta e a localización dos corpos dun terzo deles. É dicir, a desaparición foi o fenómeno máis frecuente na lóxica dos asasinatos. Este sería o panorama idóneo no que encaixaría un crime como o que culminou cun enterramento de cinco persoas "anónimas" na fosa de Cabreira. Entre Moaña e Salvaterra hai máis de corenta kilómetros, unha gran distancia, con respecto a outros sucesos de "sacas" e "paseos" que se coñecen. E que, ademais, favorece a ocultar o rastro do crime e a identidade das vítimas, afastadas da súa contorna mais familiar e coñecida.

Tendo en conta que o contexto violento do Morrazo –comarca á que pertence o concello de Moaña– favoreceu a proliferación de desaparicións, a continuación buscamos información sobre a traxectoria violenta sufrida polas persoas propostas para a identificación dos cinco corpos.

Recollemos os resultados do intento de reconstruír as traxectorias persoais das vítimas, previas aos seus asasinatos, en relación coa proposta de identificación dos cinco descoñecidos de Cabreira, proposta por Xosé Novas:

- Sobre **Eugenio Cancelas Corrales**, sabemos que estaba solteiro e que era o irmán menor, con 22 anos (nace o 26 de xullo de 1914)[6] –que coincidiría, aproximadamente coas estimacións de idade que recolle o rexistro de defuncións de Salvaterra para os individuos nº 125, 126 e 127–[7]. Os seus pais eran Manuel Cancelas Boubeta, mariñeiro (ausente no momento do seu nacemento por estar embarcado), e Felisa Esperanza Corrales Pose, "dedicada a las labores de la casa". O seu perfil socioprofesional anterior ao golpe de Estado de 1936, sitúao como afiliado ao sindicato *Solidaridad Marinera,* o que nos fai supoñer que moi probablemente, fora de profesión,

[5] Fernández e Pereira, 2005: 401, 406.
[6] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, tomo 44 (1914), folio 167.
[7] Conversas coa neta, María del Carmen Prieto, 27 de agosto de 2024, Vigo.

mariñeiro[8]. A orixe desta agrupación ten que ver con *Alianza Marinera, Pescadores de Moaña y sus contornos*, constituída o 14 de febreiro de 1919, grazas ao impulso de Lorenzo Corbacho e Eusebio Alonso. Na década dos anos vinte do século XX, integrouse na UGT e nos últimos anos da Ditadura de Primo desaparece. A comezos dos anos trinta reaparece cunha nova denominación, *Sociedad de Marineros del puerto de Moaña y contornos Solidaridad Marinera*, de carácter autónomo[9]. Posteriormente, diversas fontes apuntan que foi desaparecido e, incluso asasinado, antes do Nadal polas Milicias de Falange de Moaña, capitaneadas por Bruno Schweiger[10] –unha das figuras icónicas da violencia no sur de Pontevedra–[11]. En concreto, destaca un oficio recollido nas dilixencias da causa militar 1212/36 –praza de Pontevedra, xurisdición de terra–:

> *Tengo el honor de participarle que José Paz Pena, Eugenio Cancelas, Manuel Cancelas, Cándido Giráldez, según runmor público, han sido muertos por las milicias de Falange de Marín, mandadas por un tal Bruno. José Riobó Casqueiro, Francisco Jalda y José, conocido por Isidro, no han sido habidos. Dios guarde a V.S. muchos años. Maña, 1º de diciembre de 1936. El alcalde accidental, José Pérez*[12].

Na información recollida no libro de nacementos do rexistro civil de Moaña, destaca unha anotación na marxe esquerda, que indica que foi rexistrada a súa morte en Moaña, "a principios de la guerra civil de 1936-

[8] Fernández e Pereira, 2005: 413.
[9] Pérez, 2015: 60, nota ao pe nº 11 (Pereira).
[10] Enxeñeiro alemán, afiliado ao partido nazi, que residía en Marín onde traballaba na construcción dun varadoiro. Estaba casado coa irmá do comandante do Estado Maior, Gutiérrez de Soto. En Marín relacionouse co xefe local de Falange a sazón do escribiente da fábrica de conservas Herrerro Hmnos Felipe Temes Diéguez. Segundo diversas fontes mantiña contactos co consulado alemán de Vigo e otros mandos do polígono naval (Pereira, 2010). Mais bibliografía sobre el en Santos Castroviejo e Nores Soliño, *Historia de Cangas, 1900-1936. Unha ribeira de pescadores,* Vigo: A Nosa Terra, 2005.
[11] González e Villaverde, 1999: 116, 118, segundo informacións do arquivo municipal de Moaña –Correspondencia/Entradas/26 de outubro de 1938–.
[12] Pereira, 2010: 288. Causa 1212/36, folio 94, praza de Pontevedra, xurisdición de Terra, AIMNOR.

1939", segunda consta na acta nº 60, folio 124, do tomo 70, da sección III, do mesmo rexistro, con data do 31 de xullo 1980[13].

Ata o momento, a información recompilada sinala que foi asasinado e o seu corpo desaparecido, antes do mes de decembro, pero sen precisar a data exacta. Varios testemuños, sinalan que os irmáns Cancelas foran detidos a mediados de setembro[14]. Cabe a posibilidade de que estiveran presos un tempo, para despois, proceder á súa saca e asasinato. Con todo, dúas fontes sinalan que o seu corpo foi fondeado no mar, concretamente no pesqueiro, *Ave sin Puerto*[15].

Eugenio xa fora requerido polo xuíz instrutor dunha causa militar contra veciños de Moaña o 19 de novembro de 1936, sen ter resposta[16]. Temos constancia de que foi perseguido polas autoridades golpistas, xa que foi sinalado o 22 de novembro de 1936, polo alcalde de Moaña, como "anarquista de acción y extremista en grado sumo, tomó participación en los sucesos muy directamente"[17].

Con todo, non puidemos atopar rastro nas fontes sobre as circunstancias da súa morte e desaparición.

[13] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, tomo 44 (1914), folio 167.
[14] González e Villaverde, 1999: 218.
[15] Pérez, 2015: 118, 119. Pereira, 2010: 287.
[16] Causa 1212/36, folio 32, AIMNOR.
[17] Causa 1212/36, folio 65r, AIMNOR.



Figura 4. Fotografía de Manuel Cancelas Corrales, nos anos trinta. Fonte: doazón familiar..

- O irmán maior de Eugenio era **Manuel Cancelas Corrales** (fig. 4), pertencía á FAI e fora delegado da CRG ao congreso, celebrado en Zaragoza, en maio de 1936[18]. Grazas ao recordo da súa neta e a unha nova que recolle a prensa de finais de febreiro de 1936, sobre a súa detención a consecuencia dun altercado que tivo cun veciño á saída dunha reunión do sindicato *Fraternidad Marinera*, sabemos que tiña 25 anos –que coincidiría coas estimacións de idade que recolle o rexistro de defuncións de Salvaterra para os individuos nº 125, 127 e 128–[19]. Esta información, confirmouse ao atopar o seu rexistro de nacemento, o 5 de marzo de 1910, tendo no momento da súa morte, 26 anos, exactamente[20]. Seus pais,

[18] Pérez, 2015: 119, nota ao pe nº 96 (Pereira, 2010). Fernández e Pereira, 2005: 423
[19] *El Pueblo Gallego,* 28/2/1936: 12. Conversas coa neta, María del Carmen Prieto, 27 de agosto de 2024, Vigo.
[20] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, tomo 40 (1910), folio 62.

Manuel e Felisa, estaban solteiros cando nace, pois ata tres anos despois, non contraen matrimonio. Posiblemente, igual que seu irmán, fose de profesión, mariñeiro. O 24 de outubro de 1921 casa con Veneranda Silva Rivas, coa que mais tarde tería descendencia[21].

Durante o Golpe, foi acusado de ser un dos responsables da organización da requisa de armas na defensa da República, na parroquia de Meira[22]. O sindicato sería un dos puntos clave da organización desa inicial resistencia e el, segundo diversos testemuños, sería unha das figuras relevantes. O día 20 de xullo de 1936 reuníronse os afiliados para tomar medidas e:

> *En dicha reunión, se acordó según dijo Manuel Cancelas, que dada la gravedad de los momenos por que atravesaban; pues se había sublevado el Ejército, había que defenserse pues el Ejército, iba a quitarles las mejoras que tenían y que como no tenían armas, había que requisarlas*"[23].

Dito suceso foi interpretado polas autoridades militares golpistas que instruíron os xuízos como un evento coa finalidade de "convenir, organizar y determinar la actitud de violencia que había de adoptarse para oponerse a la acción del Ejército en la iniciación de su glorioso movimiento"[24].

Tras o golpe de Estado, temos as mesmas fontes que para Eugenio, que nos indican que fora asasinado e desaparecido antes do Nadal, pero sen coñecer a data exacta[25]. Volvemos a ter as mesmas referencias que precisan que os seus corpos foran fondeados na ría[26]. Pero, ademais, en 1938 foi incoado nunha causa militar acusado de deserción por non presentarse ao chamamento a filas, de xaneiro dese mesmo ano. En dito procedemento,

[21] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, tomo 40 (1910), folio 62.
[22] Causa 1212/36, folio 14, AIMNOR.
[23] Causa 1212/36, folio 22, AIMNOR.
[24] Causa 1212/36, folio 97, AIMNOR.
[25] González e Villaverde, 1999: 116, 118, segundo información do arquivo municipal de Moaña –Correspondencia/Entradas/26 de outubro de 1938–. Pereira, 2010: 288
[26] Pérez, 2015: 118, 119. Pereira, 2010: 287.

varias persoas coñecidas, acoden a declarar, entre elas súa irmán Josefa, quen sinala que "el día tres de septiembre del año treinta y seis, fueron a buscar a su hermano a casa los falangistas, sin que desde entonces haya vuelto a casa su hermano, ignorando por tanto donde pueda encontrarse"[27]. A data da súa detención tamén coincide coa achegada por outros testemuños orais[28]. Non obstante, comezan a aparecer contradicións no relativo ás circunstancias da súa desaparición. A versión da irmán non ten que ver co suceso que Luís Pérez recolle nas súas memorias sobre a violencia golpista en Moaña, que el mesmo viviu:

> *Otro suplicio similar le estaba reservado a los hermanos Manuel y Eugenio Cancelas. La compañera Veneranda, esposa del primero, en su tribulación había confiado en varios vecinos para proteger a su amado compañero y a su cuñado. Primero fue O Quisque, y especialmente la esposa de este quien le ofreció eficaz protección y alimento; pero al tener esta mujer hijos decidió atender estos perseguidos, pero en una casa deshabitada cerca de la suya. Luego, ante el acoso, rastreo, amenazas y el terror que sembraban los esbirros del alemán les aconseja cambiar de escondijo y aquí fue donde Venerando cometió la fatal equivocación confiando en el parentesco que le unía con el borrachín y sanguinario Boubetiña (...). Y cuando la compañera espera que la hiena despierte tras la depredadora ronda nocturna, y cree encontrar palabras de esperanza pues, sabe que sus seres queridos están bajo tan garante protección, y en una casa del Luceiro en alquiler de una mujer leal, entra casi sin anunciarse el falangista Pepe de Marcelin (...)El Boubetiñas sale para, como el Judas del Galileo, entregar a sus Cristos. Y la esposa y cuñada no puede soportar tanto dolor y tras un alarido cae insconsciente (...). Y la caza de los Cancelas se lleva a efecto bajo el dedo acusador de aquel infame (...). Y tras la captura fácil, la tortura, la vejación y la muerte. Para en un viaje con*

[27] Causa 308/38, xurisdición de Mariña, folio 32, Arquivo Naval de Ferrol; causa seguida contra varios inscritos de Mariña no Trozo de Cangas pertencentes ao reemprazo de 1930, por non presentarse ao chamamento a filas.
[28] González e Villaverde, 1999: 218.

rumbo seguro, el navío de la fatal travesía arrojar por la borda en los brazos del mar de Vigo, dos hijos de la villa moañesa"[29].

Pero debemos ter en conta as circunstancias e a natureza de cada fonte e posiblemente, esta dispar información se poida explicar segundo o que recorda a súa neta. Pasou un tempo retido e:

yo le oía a mi abuela que mi abuelo lo torturaron y que se fue para el monte, no se que monte sería de Moaña, el y el hermano, se escondían y tal y ella le decían que se tenían que ir que los querían matar y que el (...) le preguntaba pero por que me quieren matar a mi,si yo no hice mal a nadie. Mi abuela escuchó que los habían tirado al mar, incluso con una cuerda y una piedra grande para que no...(...) hicieron con ellos escarnios, poniendole encima de las manos cosas pesadas, en el cuerpo (...).

No caso de ambos irmáns, todo indica que viviron o seu final de forma conxunta, pero existen moitas contradicións ao redor da data do asasinato, das circunstancias do crime e da localización dos seus corpos. Tras desaparecer Manuel, a súa familia seguiu sendo perseguida e atacada, a súa muller ao cargo dun fillo de 11 meses e embarazada de catro meses, recorda a súa neta que "a mi abuela no le cortaron un pecho porque estaba embarazada, le cortaron el pelo casi al cero, como si fuera la mujer de un delincuente". Tampouco sentíu o apoio da comunidade, "cuando murió, ni una patela de pescado le traian para comer ella y sus hijos, todo se lo tuvo que buscar ella" [30]. Moitos anos despois, ao igual que seu irmán, unha nota ao marxe no rexistro de nacementos indica que "falleció en los primeros días del mes de julio de 1936, como consta al tomo 70, pág. 89 de la sección III de este registro civil. Moaña, 28 de abril de 1980"[31]. Efectivamente, seguindo estas indicacións, no rexistro de defuncións de

[29] Luis Pérez, 2015: 161, 162.
[30] Conversas coa neta, María del Carmen Prieto, 27 de agosto de 2024, Vigo.
[31] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, tomo 40 (1910), folio 62

Moaña, foi inscrito en 1980 "en virtud del expediente gubernativo tramitado ante el juzgado de distrito de Cangas, bao el nº 238/79, fuera del plazo legal"[32]. Ademais, nunha nota ao marxe, indícase que:

> *en virtud de carta orden recibida del juzgado de Distrito de Cangas de Morrazo, se hace constar: que al haberse omitido con exacta claridad la fecha del fallecimiento del aquí inscrito, que dicho fallecimiento obedeció a circunstancias especiales y que tuvo lugar como consecuencia de la Guerra Civil Española de 1936-1939. Moaña, 14 de mayo de 1980*[33].

Non é un caso illado, estas mesmas notas aparecen asociadas, como mínimo, para outras cinco vítimas de Moaña, todas elas consideradas "desaparecidas" no outono de 1936 (José Saavedra, Sartié, José Paz Pena, Francisco Fernández, José Antonio Paredes Piñeiro e Eugenio Cancelas Corrales)[34].

- Sobre "**Juan" Vázquez Sampedro**, veciño da parroquia de Meira, apenas logramos obter información. Atopamos certa confusión na documentación e bibliografía sobre o seu nome propio. Ás veces aparece como José e outras como Juan, non sabemos se se trata da mesma persoa, ou incluso de diferentes individuos que fosen irmáns, pero non temos constancia deste dato. No rexistro civil, atopamos o rexistro de nacemento de Juan Vázquez Sampedro (xemelo de Francisco, que falece aos poucos días de nacer), o 17 de xuño de 1904, polo que tiña 34 anos, no momento da súa morte. Era fillo de Francisco Vázquez Rúa, labrador, e Concepción

[32] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, defuncións, tomo 70, folio 89.
[33] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, defuncións, tomo 70, folio 89.
[34] Tratouse de buscar ditos expedientes, pero nin no xulgado de Paz de Moaña, nin no xulgado de instrución de Cangas, nin no Arquivo Xudicial Territorial, nin no Tribunal de Xustiza Superior de Galicia, me souberon dar resposta, ata o momento de onde poder localizalos. Posiblemente non conteñan información sobre as circunstancias das súas mortes, e polas conversas que tiven con algunhas das súas familias, posiblemente se traten de trámites burocráticos e xudiciais para recoñecelos, despois de tantos anos, como falecidos e, por tanto, algún dos seus parentes, puideran acceder a algún tipo de pensión.

Sampedro Costa, "dedicada a las ocupaciones propias de su sexo", ambos domiciliados na parroquia de Meira[35]. Sabemos que estaba solteiro e tiña dous irmáns maiores, Manuel e María; polo que, hoxe en día, o único sobriño vivo, apenas ten recordos porque non chegou a coñecelo. Estaba tamén emparentado coa familia Blanco Costa, pois un irmán de Juan, estaba casado cunha irmá de Manuel e José Blanco Costa, polo que eran "cuñados políticos". El traballaba no campo, facendo xornais de forma esporádica[36]. A fonte oral traballada polo investigador, Dionisio Pereira, xunto coa documentación municipal, apuntan que a súa desaparición tivo que ver co "paseo" que sufriu no mes de outubro de 1936[37].

[35] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, sección I, tomo 34 (1904), folios 147 e 148.
[36] Conversas co seu sobriño, Luiz Vázquez Blanco, 14/8/2024.
[37] Luis Pérez, 2015: 119, nota ao pe nº 98 (Pereira). Arquivo Municipal de Moaña/ Correspondencia/ Entradas, 26/10/1938 (González e Villaverde, 1999).



Figura 5. Fotografía de Manuel María Blanco Costa. Fonte: doazón familiar.

- **Manuel María Blanco Costa** (fig. 5), era veciño da parroquia de Meira, tiña 32 anos e estaba a punto de cumprir os 33 –coincidindo coa estimación de idade recollida no rexistro de defuncións de Salvaterra para os individuos nº 124, e posiblemente, 128–, e de profesión, segundo os seus familiares, dedicábase á descarga do carbón[38].

  O único que coñecemos da súa traxectoria vital previa é que durante a II República comeza o seu historial delituoso, sendo detido como sospeitoso de entrar a roubar cartos no domicilio dun veciño, en 1932, ou sendo denunciado, pola Garda Civil, xunto co seu irmán, por roubarlle herba á

[38] Conversas cos seus familiares, Esther e Manuel, 27/8/2024, Moaña. Pérez, 2015: 119. Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, sección I, tomo 33 (1903), folio 256.

súa veciña, en 1934[39]. Sobre a súa morte ou "desaparición" durante o golpe de Estado de 1936, dúas fontes diferentes sinalan que foi "paseado", no mes de outubro de 1936. Ao respecto, o diario de Luis Pérez, sinala que posiblemente o seu corpo fose arroxado ao mar, mentres que a documentación municipal, considérao como "desaparecido"[40]. Sobre este suceso, a súa filla, segundo o que lle ten escoitado á súa nai, recorda como foi o seu secuestro:

> *el chegaba do monte, de buscar leña e estaba desayunando e entráronlle dous homes, mamá dixo que a un que o coñecía, que era veciño, era de Moaña, de Abelendo, e un deles era coñecido dela dali e despois negoulle todo, dixo que non era el, pero ela coñeceuno, chegaron, abriron a porta, estaban coa porta entreaberta que el estaba desayunando e "manos arriba, venga conmigo" e o levaron, viñeron pola casa de miña abuela a buscar o outro irmán*[41].

Despois de levalos, tras ameazas e intimidacións, foron conducidos ao local do sindicato dos mariñeiros, localizado no barrio da Seara (hoxe funciona como un centro de xubilados). Este foi un dos espazos incautados polos verdugos e persecutores, asociado non só a un lugar de reclusión, senón tamén de palizas, maltratos e torturas (fig. 6).

A filla de Manuel, recorda que súa nai iba levarlle a comida a diario nos días que permaneceu alí encerrado e que:

> *seica o último día que lle levou a comida que lle dixo que a pena mais grande que levaba é que deixaba viúda a miña nai con rapaces e 26 anos, e con dous fillos pequeniños e que tería que lle poñer pai, non sendo o pai deles, esa era a pena que levaba el e ela dixolle, "non, prométoche que non van coñecer outro vai". Porque el*

[39] *El Progreso*, 31/8/1932: 3. *El Pueblo Gallego*, 27/11/1934: 14
[40] Pérez, 2015: 119. González e Villaverde, 1999: 118.
[41] Conversas cos seus familiares, Esther e Manuel, 27/8/2024, Moaña

díxolle, "a min aínda que me soltaran agora pouco viviría" porque de noite lle deron moitas palizas, fixeron un escarnio deles[42].

Tras a desaparición de Manuel, a súa muller, María, foi vítima de intimidacións ata que unha muller con poder e influencia de Moaña, intercedeu por ela.



Figura 6. Antiga sede do sindicato, na actualidade, reconvertida na sede do Club de Xubilados da Nosa Señora do Carmen. Fonte: fondo HISTAGRA

- O seu irmán menor, **José Benito Blanco Costas,** de profesión, era campesiño e ao mesmo que o seu irmán, varias fontes o sitúan como "paseado" e desaparecido no mes de outubro[43]. Ambos eran fillos de Manuel Blanco Vilariño e María Costa Rúa, quen enviuvou de moi nova, quedando ela sola ao cargo de cinco fillos. Un deles faleceu de pequeno, e, ademais de José e Manuel, as outras irmás chamábanse Rosario e María. Tiña 31 anos (naceu o 10 de febreiro de 1905)[44], polo que era o irmán

[42] Conversas cos seus familiares, Esther e Manuel, 27/8/2024, Moaña
[43] Pérez, 2015: 119. González e Villaverde, 1999: 118.
[44] Xulgado de Paz de Moaña, libro rexistro civil, nacementos, 1905, folio 41.

pequeno, e o único solteiro que vivía con súa nai. Tamén acumula un expediente delituoso importante previo, no que destaca a condena a seis meses de arresto, a mediados de 1936, por agresións a un veciño, dous anos antes[45]. Segundo o testemuño da súa sobriña, a familia supón que foi secuestrado xunto co seu irmán, pero non se atopou mais información.

Tal e como se pode apreciar, temos moita confusión acerca das circunstancias do asasinato destas cinco persoas. Non temos suficientes elementos que nos permitan identificar, por medio deste informe, os cinco desparecidos de Cabreira, como os veciños moañenses estudados. Esta cuestión, atopará resolución no caso de que se atopen os restos na fosa de Cabreirae se faga unha proba de ADN e/ou aparezan mais fontes históricas que nos permitan facer esta correlación. De todas, é moi posible que, de ser eles, o punto no que converxeran previamente as súas traxectorias, sexa un lugar de reclusión, posiblemente, o local do antigo sindicato. Ademais, deberon pasar alí un tempo, e por outros testemuños que temos, foi moi probable que foran sometidos a torturas e malleiras que deixaran pegadas físicas nos seus corpos.

Con todo, na teima de ampliar as investigacións sobre a identificación das vítimas enterradas na fosa de Cabreira, fíxose tamén unha busca na base de datos de Nomes e Voces. O punto de partida é moi amplo, mais de 800 nomes desaparecidos, sen apenas información. Pero, tratamos de ir descartando, en función da información que puidemos rescatar do rexistro de defunción de Salvaterra. Das persoas que tiñan asociada unha data de morte, non coincidía ningún caso coa do rexistro de Salvaterra; polo que se descartaron ao redor de 100 persoas. Tamén se descartaron todas aquelas desaparicións que tiñan asociado un lugar de enterramento –en ningún caso o cemiterio de Cabreira–,

[45] *El Progreso*, 31/8/1932. *El Diario de Pontevedra*, 8/7/1936: 1

e unha data de inscrición noutro rexistro civil; un total de 80 entradas, aproximadamente.

Pero seguían quedando mais de 600 persoas desaparecidas, con moi poucos datos indexados que permitisen desbotar, unicamente, a veciñanza para unhas 70 persoas. Tratouse de acoutar por esta vía, seleccionando aqueles perfís relativamente próximos a Salvaterra e á comarca do Morrazo, e, ademais, que non tiveran asociado lugar de morte, ou este fora moi próximo a Salvaterra. Como conclusión, tirouse do fío dalgúns perfís:

- **Estanislao Ferreiro Núñez**, alcumado "Boreiro"[46], natural e veciño de Cangas, de 24 anos de idade. Foi incoado nunha causa militar polo delito de "deserción" ao non acudir ao chamamento a filas, e nas dilixencias, as autoridades informan que nunha madrugada de finais de agosto foi detido, e a partir de entón, desaparecido[47]. Tras afondar na investigación, as fontes indican que foi detido na madrugada do 26 de agosto, xunto con outros compañeiros, e tras pasar dous días na checa do encascador, sacárono con outros once para matalos[48]. O lugar escollido foi o Anguieiro, na Magdalena, el logrou sobrevivir nese intre, pero non logrou escapar moito tempo dos seus perseguidores. Seu pai, narra o acontecido a el e a seu irmán, Antonio:

> *La muerte de Antonio y Ladislao que fueron afusilados el día 28 de agosto de 1936, fueron presos el día 26 a las dos de la mañana por un guardia civil vestido con un mono y cuatro falangistas que uno de Moldes, otro Gumersindo Iglesias, o sea "pan e porco" otros dos no los he conocido, fueron fusilados en Anguieiro en viernes a las cuatro de la mañana y los sepultaron en la mar llevados por un motor del fabricante Cervera y permanecieron en el agua 40 días, y a los 40 días vinieron a tierra cinco de ellos (…). De estos once, hubo uno que se llamaba Lao*

[46] A veces aparece como Ladislado, descoñecemos cal dos dous era o nome real, pero refírense á mesma persoa.
[47] Base de datos Nomes e Voces: Causa 368/37, xurisdición de Mariña.
[48] Dasairas, 2005: 671.

Ferreiro que se escapó herido entre los muertos de la camioneta que los llevaba y fue a parar a Aldán a casa de un tío mío pero ese tío se temio a recogerlo y el pobre del herido se marchó al monte de Subrido del Hío y después al otro día fueron 14 falangistas, 7 de ellos por tierra y otros 7 por mar recorriendo la costa en el motor de Modesto Valladares pues lo cogieron en Subrido y lo llevaron a cerca de la casa de señales, a los barcos que allí// ¿aciste?// pues allí lo mataron a bayoneta (…). Luego lo despedasaron lo tiraron entre las peñas de la costa, donde bañaba el cadáver el agua del mar. Es decir que fueron aparecidos del agua, los tirados el 28 de agosto aparecieron el día 16 de octubre viernes, sepultados en viernes los aparecidos (…)[49].

Este relato é moi interesante porque fala da aparición de cinco corpos en datas moi próximas ao enterramento de Cabreira, con apenas un par de días de diferencia, que ben se puidera asociar a posibles fallas na memoria. Sobre o lugar de aparición dos cadáveres, puideron ser trasladados e tirados en Curros, precisamente seguido a tónica frecuente dos verdugos, de desdebuxar a trazabilidade da violencia. Con todo, non encaixaría cos testemuños que escoitaron os tiros, antes de aparecer mortos os desaparecidos de Cabreira. Tamén se aprecian outros indicios, que fan desbotar a hipótese que identifique estes corpos cos inhumados en Salvaterra. As condicións nas que se atoparían estes cadáveres tras pasar mais dun mes na auga, serían mencionadas na descrición do rexistro de defuncións. Ademais, non coincide a data na que aparecen fondeados os corpos dos cinco e devoltos á terra, xa que segundo o rexistro civil de defuncións de Cangas, foron inscritos o 9 de novembro de 1936 e non o 16 de outubro[50]. O lugar de enterramento, segundo esta fonte, sería o cemiterio de Cangas, ademais, ditos corpos serían recoñecidos polos seus familiares, polo que non é coherente que despois foran

[49] Nores, 2005: 688.
[50] Antonio Ferreiro Núñez, Normandino Núñez Martínez, Daniel González Graña, Antonio Blanco Rodal e José Martínez Pazo. Base de datos de Nomes e Voces. Nores, 2005: 722.

inhumados en Cabreira; "A xente moi masivamente á ribeira a velos vir e a ver se os identificaban. Viñeron a terra e recoñecéronse os cadáveres. Os familiares dos outros 6 tamén foron recoñecer os cadáveres dos seus, que non estaban"[51].

- **Clemente Arturo Carracelas Castro**, coñecido como "El Pito", natural e veciño de Cangas, solteiro, de 21 anos, de profesión, canteiro, e afiliado á JSU. Estivo preso no campo de concentración de San Simón e procesado en dúas causas militares, polos delitos de rebelión e deserción[52]. Nas dilixencias de ditos procedementos recóllese que foi dado por desaparecido nun traslado, puidendo ser "paseado", nunhas das coñecidas *raposas* do Lazareto. Posteriormente, sospeitase que sobreviviu e acabou sendo asasinado na Lexión[53].
- **Nicolás Pellín Alonso**, natural de León e veciño de Marín.
- **Manuel Riobó**, natural e veciño de Moaña e de profesión carpinteiro. Foi dado por desaparecido e a única información que temos é grazas ás memorias dun preso que o recorda como "un verdadero topo en los montes de Meira"[54].
- **Francisco Jalda**, natual e veciño de Moaña, afiliado a "Solidaridad Marinera", quen segundo oficio do xefe local de Falange do 1 de decembo de 1936, el, xunto con José Riobó, "en choque con la fuerza pública y huyeron no siendo habidos"[55]. Foi acusado de ser un dos responsables da organización da requisa de armas na defensa da República, na parroquia de Meira[56].
- **José Riobó Casqueiro,** veciño de Moaña e sinalado por varios veciños como un dos organizadores da requisa de armas[57]. Sinalado polo

[51] Nores, 2005: 687.
[52] Base de datos de Nomes e Voces; causas 368/37, de xurisdición de Mariña e causa 790/36, de xurisdición de terra.
[53] Nores e Santos, 2005: 694.
[54] Pérez, 2015: 120.
[55] Causa, 1212/36, folio 95, AIMNOR.
[56] Causa 1212/36, folio 14, AIMNOR.
[57] Causa 1212/36, folios 26, 44 e 50, AIMNOR.

alcalde de Moaña o 22 de novembro de 1936, como un "marxista de acción, dirigente de masas obreras, tuvo participación directa en os sucesos, con frecuencia vino soliviantando las masas obreras excitádolas a cometer toda clase de atropellos"[58].

- **Francisco González Ríos,** veciño de Domaio-Moaña, e presidente do PSOE de Domario
- **José "De Isidro"**
- **Delmiro Mariño Blanco**

Como conclusión desta cata aleatoria dentro da base de datos de Nomes e Voces, é moi complicado establecer unha identificación cos datos que temos a priori. Non se atoparon trazabilidades coincidentes coas dos cinco desaparecidos, nin indicios de haber puntos en común que sitúen a cinco persoas nun mesmo escenario e tempo.

[58] Causa 1212/36, folio 65r, AIMNOR.

3. Fichas individuais das vítimas

A continuación, recompilamos a información do rexistro civil de defuncións do xulgado de Salvaterra de Miño, relativa ás persoas que foron enterradas no cemiterio de S. Miguel de Cabreira: a data da morte e do enterramento, o lugar de morte e de inhumación, unha descrición física dos corpos, das vestimentas e dos accesorios que levaban, a idade aproximada –en función da estimación do médico-forense– e a causa de morte (típico eufemismo empregado para recoller as vítimas dos asasinatos da violencia consecuencia do Golpe de 1936).

DESCOÑECIDO Nº 124		
Datos persoais	**Natural de**	-
	Veciño de	-
	Idade	35 anos aprox.
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	18 de outubro de 1936, ás 6 horas, Curros, Salvaterra
	Resumo	-
Fontes relacionadas	**Causa militar**	-
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	Si, rexistrado o 19 de outubro de 1936, como descoñecido, "de unos treinta a treinta y cinco años de edad (...), de un metro ochenta y siete centímetros de estatutra, ojos castaños, nariz aguileña, barba negra, escaso cabello; vestía un traje mono, chaqueta gris, camisa y camiseta blancas, boina, alpargatas castañas, de goma y sin calcetines, no encontrándosele documentación ni objetos algunos". Morte a consecuencia de "hemorragia consecutiva a heridas penetrantes de tronco según resulta de informe de autopsia"
	Outras	-

DESCOÑECIDO Nº 125		
Datos persoais	**Natural de**	-
	Veciño de	-
	Idade	20-25 anos aprox.
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	18 de outubro de 1936, ás 6 horas, Curros, Salvaterra
	Resumo	-
Fontes relacionadas	**Causa militar**	-
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	Si, rexistrado o 19 de outubro de 1936, como descoñecido, "de veinte a veinticinco años de edad (...) de un metro sesenta y un centímetros de estatura; nariz recta, ojos negros, vestía chaqueta y pantalón de paño gris, jersey gris, camisa de cremallera, calcetines de color y zapatos negros. No se le encontró documentación ni objetos algunos". Morte a consecuencia de "hemorragia y atrición cerebral consecutivas a heridas penetrantes de tronco y cráneo según resulta de informe de autopsia"
	Outras	-

DESCOÑECIDO Nº 126		
Datos persoais	**Natural de**	-
	Veciño de	-
	Idade	20 anos aprox.
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	18 de outubro de 1936, ás 6 horas, Curros, Salvaterra
	Resumo	-
Fontes relacionadas	**Causa militar**	-
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	Si, rexistrado o 19 de outubro de 1936, como descoñecido, "de unos veinte años de edad (...) de un metro sesenta y nueve centímetros de estatura; moreno, pelo negro, ojos castaños y nariz recta, vestía pantalón rayado y abotinado, jersey cremallera, camisa a listas, calcetines azules y zapatos negros. No se le encontró documentación ni objetos algunos". Morte consecuencia de "hemorragia consecutiva a heridas penetrantes de tronco según resulta de informe de autopsia"
	Outras	-

DESCOÑECIDO Nº 127		
Datos persoais	**Natural de**	-
	Veciño de	-
	Idade	20-25 anos aprox.
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	18 de outubro de 1936, ás 6 horas, Curros, Salvaterra
	Resumo	-
Fontes relacionadas	**Causa militar**	-
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	Si, rexistrado o 19 de outubro de 1936, como descoñecido, "de unos veinte a veinticinco años de edad (...) de un metro setenta y un centímetros de estatura, de ojos y pelo castaño, nariz recta, vestía abrigo de paño mezclilla, chaqueta y pantalón claro, chaleco negro, camisa azul, calcetines grises y alpargatas de goma azules, con gorra visera gris. No se le encontró documentación ni objetos algunos". Morte consecuencia de "hemorragia y atrición cerebral consecutivas a heridas penetrantes de tronco y cráneo según resulta de informe de autopsia"
	Outras	-

DESCOÑECIDO Nº 128		
Datos persoais	**Natural de**	-
	Veciño de	-
	Idade	25-30 anos aprox.
	Profesión	-
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	18 de outubro de 1936, ás 6 horas, Curros, Salvaterra
	Resumo	-
Fontes relacionadas	**Causa militar**	-
	Entrevistas	-
	Rexistro de defuncións	Si, rexistrado o 19 de outubro de 1936, como descoñecido, "de unos veinticinco o treinta años de edad (..) de un metro setenta y cuatro centímetros de estatura, de ojos claros y pelo negro, vestía chaqueta castaña, pantalón azul, jersey de lana gris, camisa spor, cinturón de cuero, calcetines grises, alpargatas azules de piso de goma y gorra visera. No se le encontró ningún documento ni objeto". Morto a consecuencia de "hemorragia y atrición cerebral consecutiva a heridas penetrantes de tronco y cráneo según resulta de informa de autopsia"
	Outras	-

4. Documentación do espazo a intervir: a historia do cemiterio

O cemiterio do atrio probablemente exista dende a construción da Igrexa de San Miguel que, segundo indica un epígrafe gravado na fachada, foi no ano 1710 (fig. 7). Esta zona está composta por diferentes áreas e elementos. Destaca o *viacrucis* que rodea todo o espazo, con cruceiros de diferentes alturas e tamén en diferentes estados de conservación, algúns deles, parcialmente derribados (fig. 8). Segundo entramos ao atrio, atopamos a cabeceira da Igrexa, que ten o acceso pola parte posterior a dita entrada (fig. 9). Na marxe esquerda temos unha área relativamente ampla, onde se sitúa o cruceiro da Inmaculada, levantado en 1904, e un sepulcro construído en 1911 (fig. 10)[59]. Nesta zona é precisamente onde tiñan lugar todos os enterramentos ata a creación do novo cemiterio en 1958. En consecuencia, trátase dun terreo moi revolto e utilizado que se foi quedando pequeno co paso do tempo e as necesidades da parroquia (figs. 11 e 12).

Precisamente, unha disputa de 1924, entre o párroco e os donos da sepultura da casa maiorazgo dos Castro e Troncoso, dá conta desta realidade. A familia manifesta o seu malestar ao párroco por empregar a súa sepultura para enterrar a alguén que non era da súa familia. O cura responde que "el cementerio privado de esta parroquia es muy reducido, daré sepultura a los cadáveres que vayan ocurriendo en aquellos sitios que se sabe estaban en condiciones para ello, no fijándose si son parientes o no lo son"[60].

Esta problemática estivo latente durante toda a primeira metade do século XX, dado que esa era a única zona empregada para os enterramentos. A parte dereita do atrio, segundo accedemos ao cemiterio, nunca foi unha zona empregada para tal fin[61]. Trátase dun terreo moito mais estreito, que linda coa casa reitoral e no que está situada a antiga caseta das autopsias (figs. 13, 14 e 15).

[59] Arquivo Diocesano de Tui, Cabreira-cemiterio (1901-1959), licencias de sepulturas.
[60] Arquivo Diocesano de Tui, Cabreira-cemiterio (1901-1959), licencias de sepulturas
[61] Conversas con Paco e Constante González, veciños de Cabreira.

Os veciños, conscientes desta situación decidiron tomar cartas no asunto e o cura párroco, Amador Oubiña Búa, escribe a finais de xaneiro de 1958 ao seu superior, indicando que:

> *el cementerio parroquial situado en el atrio de la misma, se halla totalmente ocupado y resulta insuficiente para las necesidades parroquiales. Que está mismo al lado del camino de tránsito sin cierre alguno, lo que es impropio de lugar sagrado, por ser pisado continuamente por personas y animales. Que está adquirido un terreno, por suscrición entre los vecinos, para la construcción de dicho cementerio y cuya propiedad está a nombre de una comisión formada por tres vecinos*[62].

Tras unha manobra moi pouco transparente, o terreo rematou en mans da Igrexa, tal e como describe o párroco ao seu superior a comezos de 1959, "Como SS sabe la escritura está ya hecha. Tuve que aprovechar los medios en ocasión propicia para conseguir la propiedad porque los de la comisión pretendían gobernarla ellos"[63]. Esta información é relevante, porque a partir deste momento cesan os enterramentos no cemiterio do atrio e pasa a empregarse o novo cemiterio, localizado ao carón do antigo (fig. 16). A partir de entón, moitas lápidas foron trasladadas, a mais antiga da que hoxe en día tivemos constancia data de 1940. Non estamos seguros se este movemento de pedra tamén implicou movementos de restos. Pero, tal e como sinalaron os veciños mais anciáns do lugar, de efectuarse, estes non afectarían á área onde supostamente se localiza a fosa (marxe dereita), dado que os enterramentos ordinarios se efectuaban na marxe oposta do atrio.

[62] Arquivo Diocesano de Tui, Cabreira-cemiterio (1901-1959), licencias de sepulturas
[63] Arquivo Diocesano de Tui, Cabreira-cemiterio (1901-1959), licencias de sepulturas



Figura 7. Cabeceira da Igrexa de San Miguel onde podemos apreciar o gravado da construción. Fonte: fondo HISTAGRA.



Figura 8. Vista parcial do Adro da Igrexa de San Miguel na que se aprecia parte do *viacrucis*. Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 9. Acceso á Igrexa de San Miguel pola parte posterior do adro. Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 10. Cruceiro da Inmaculada e sepultura familiar de comezos do século XX, sinalada en vermello, localizada na marxe esquerda do adro da Igrexa de San Miguel. Fonte: fondo HISTAGRA.



Figura 11. Marxe esquerda do adro da Igrexa de San Miguel e zona frecuente de enterramentos ata finais dos anos cincuenta. Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 12. Outra vista da marxe esquerda do adro da Igrexa de San Miguel. Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 13. Marxe dereita do adro da Igrexa de San Miguel vista dende a entrada de acceso. Fonte: fondo HISTAGRA.



Figura 14. Vista da marxe dereita do adro da Igrexa de San Miguel onde se pode apreciar á esquerda a parede da sacristía, á dereita a parede da casa reitoral, e ao fondo, a antiga casa de autopsias- Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 15. Detalle da zona da marxe dereita do adro. Fonte: fondo HISTAGRA.



Figura 16. Acceso ao novo cemiterio onde se aprecia o camiño que enlaza co adro da Igrexa de San Miguel. Fonte: fondo HISTAGRA.

5. Recoñecemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa

Comezamos por sinalar un dato importante: o lugar de enterramento destas cinco persoas, non coincide co lugar de aparición dos corpos e o lugar do asasinato, segundo a información do rexistro civil e de diferentes testemuños orais (fig. 17). O lugar no que faleceron e no que apareceron os cadáveres é Curros (42.101076827102126, -8.531974911907044), un lugar que está entre a parroquia de Cabreira e a de Alxén, localizado a un quilómetro e medio, aproximadamente do cemiterio de Cabreira. Dita área é un monte atravesado pola antiga estrada Salvaterra-O Porriño que actualmente se coñece como "O Baldío", pertencente á comunidade de Montes de Cabreira (figura 18). Dita localización non dá moitas pistas sobre o lugar de procedencia dos presos, pois poderían vir de Porriño, Salvaterra, Ponteareas ou outras zonas mais afastadas (informe de Xosé Ramón Paz Antón, decembro de 2022). É unha zona pouco habitada, onde apenas hai casas, idónea, segundo as lóxicas violentas do Golpe, para cometer este tipo de crimes.



Figura 17. Mapa que recolle a distancia entre o lugar de aparición dos corpos (Curros) e o lugar de enterramento (cemiterio de San Miguel de Cabreira). Fonte: edición de Google Maps.



Figura 18. Aspecto actual da Curva de Curros, onde supostamnte apareceron os cadáveres dos cinco desaparecidos inhumados no cemiterio de San Miguel de Cabreira. Fonte: Google Maps.

Sabemos que os dous únicos veciños que vivían cerca do lugar de asasinato, foron conscientes, dende a intimidade dos seus fogares, do que sucedera. O testemuño de Maruja da Rotea, dá conta como unha nena de 11 anos percibiu este suceso:

> *Eu aquel día estaba alá con meu pai, e eran polas 4 ou cinco da mañán e pasou un camión pola carretera pa riba, porque a casa de meu pai estaba ao lado da carretera mismo e meu pai sospechou que aquel camión... porque naquel tempo... eran tempos da guerra...e dalí a un pouco sentiron uns disparos e meu pai, pola maña cedo veu a unha señora que vivía nun alto do monte, dalí dariba, que lle chamaban señora Generosa da Gharota e viu abaixo e chamou por meu pai e dixo, "Jesús, sabes o que pasou? E dixo meu pai, "Non, eu non sei o que pasou, pero vin pasar un camión pa riba ás cinco da mañán por aí, e oín uns disparos... entón que pasou Generosa?". "Hai cinco homes mortos alí na Baixiña, nun sitio que daba a volta así a carretera, alí hai cinco homes mortos". E dille meu pai, "e ti como sabes que son cinco homes?". "Porque os fun mirar". E díxolle meu pai, "carai, e fuches capaz de ir abaixo a miralos?". "Pois fun, sentir chegar o camión, sentín os disparos, levanteime da cama e púxenme a escoitar e así que sentín marchar o*

camión, marchei alá abaixo a mirar o que pasaba alá abaixo e había cinco homes mortos".

E iso foi un domingo, non sabe se foi ela quen deu o aviso ao cura, pero, "Ao saír da misa, foi moita xente alá arriba a miralos e despois non sei quen pasou noticia a Salvaterra que aí polas unha ou dúas da tarde que pasou un camión pa baixo cos cadáveres dentro nos caixóns, e trouxéronos nos caixóns a Salvaterra nun camión e metéronos nuns caixóns... porque primeiro pensaban que iban a ir para Alxén, porque alí xa raia Alxén, tamén, pero disque aquilo pertencía a Cabreira e que tiñan que ir para Cabreira. Entonces, pasou aquel camión cos caixóns pa abaixo eu o camión vino pasar, embaixo metéronos na Igrexa, non, nunha caseta que había ao lado da Igrexa, metéronos aí, e alí tuveron que ir os homes de Cabreira a velalos ata o outro día seguinte. Puxeron creo que era dúas horas cada dous homes, me parece, dous homes cada dúas horas e veláronos durante todo o día e toda a noite. E no día seguinte abriron unha zanja larga contra a casa do cura, había alí un chaponeiro e abriron a zanja por alí abaixo e seica alí os meteron todos. Pero eu eso non o mirei, eh. Pero mirábase despois a terra fresca. E despois os curas cando era no día de todolos santos, a primeiros de noviembre, que iban a responsar ao cemiterio, viñan alí e responsaban alí e responsaban por eles tamén botábanlle o responso a esa xente alí. Nunca se chegou a saber quenes eran os homes. Primeiro empezaron a dicir que si eran uns de Ponteares, pero despois desmentiuse que non era[64].

Toda a comunidade quedou marcada por tal suceso, tal e como podemos deducir do testemuño de Maruja. Foi un asasinato que se executou de forma clandestina, de madrugada, nun lugar afastado, pero que buscou unhas repercusións públicas:

Los trajeron una noche en un camión y los mataron en la primera curva que les cuadró. No sabemos ni de dónde venían ni quiénes eran[65].

[64] Entrevista realizada por Helena Pousa e Anxo López, en Cabreira, en setembro de 2023.
[65] Informe de Xosé Ramón Paz Antón, decembro de 2022.

Estaban indo par Salvaterra, á dereita, antes do túnel actual. Estaban xuntos e caeron cada un para o seu lado[66].

Sobre o traslado dos corpos ao cemiterio, a fonte oral é a única que dá conta de certos elementos importantes. Hai diverxencias sobre o medio de transporte, uns din que foi en carro, mentres que outros sosteñen que foi en camión. Tamén hai diferentes versións sobre a disposición dos corpos, pero a lóxica da investigación fainos pensar que o mais probable é que foran enterrados en caixas de casqueiro (de peor calidade e materiais que as habituais) e en tres buracos nos que se colocarían dous corpos en dous deles, e un corpo no buraco restante.

A proposta de localización da fosa está baseada nas investigacións realizadas por Anxo López, Antonio Lorenzo, Alfonso González Fernández e Xosé Ramón Paz Antón, persoas interesadas pola historia local que levan anos recollendo testemuños dos veciños do lugar.

Alfonso González Fernández estivo presente co seu pai no soterramento. El explica que hai cinco homes en tres fosas separadas entre elas por menos de medio metro, amoreados de dous en dous mais un soterrado na terceira fosa. Trouxeron os corpos nun camión e metéronos nunhas caixas feitas con madeira mala, con casqueiro, sen elaborar, case[67].

Outro veciño, Alfonso da Devesa:

Acórdome ben que viña aquel, aínda parece que o estou mirando eh.... o de doña Matilda, era un falangista, un alto el, flaco, de cara e ca gorra de Requeté (...) e o cura non os quería deixar enterrar alí pero el en pistola amenazou ao cura (...) e enterráronos alí, debaixo do camelio, onde está unha cruz alí (...)[68].

[66] Informe de Xosé Ramón Paz Antón, decembro de 2022.
[67] Informe de Xosé Ramón Paz Antón, decembro de 2022.
[68] Entrevista cedida por José Novas.

De toda esta amalgama de información, obtivemos dúas hipóteses sobre a localización da fosa:

1. A de maior peso e na que coinciden a maioría dos testemuños orais é na parte lateral dereita, segundo o acceso ao atrio e antigo cemiterio de San Miguel de Cabreira (fig. 19). Serían enterrados contra o muro (coa cabeza pegada á parede) e a continuación dunha caseta de pedra que era empregada para a realización das autopsias. Ademais, os testemuños coinciden en sinalar como elemento de referencia nese espazo, ao pé do *chaponeiro* (fig. 20). Actualmente ese espazo está cheo de grandes pedras ao carón dun vello cruceiro, e, efectivamente, queda o tronco dunha vella árbore que foi cortada. Ademais, moitísimos testemuños falan da existencia *dende sempre* desta árbore, de feito, puidemos rescatar unha foto de finais da Ditadura, xusto neste espazo, na que se pode apreciar as dimensións do *chaponeiro* (fig. 21). Segundo o recompilado sobre a historia do cemiterio, esta marxe do atrio nunca foi empregada para enterramentos irregulares. Ademais, tampouco atopamos indicios de que esa zona fose alterada, polo que, de terse efectuado alí a inhumación, debería atoparse nun estado virxe, segundo as informacións recompiladas ata o momento.
2. Dous veciños sinalan que a fosa estaría fronte a entrada da igrexa, na cabeceira do atrio, preto do pararraios que está na parede norte da Igrexa[69]. Estas referencias son moi minoritarias e non tivemos acceso a elas (soubemos delas grazas a un informe realizado previamente e que tiveron a xentileza que compartir coa equipa). Como posible explicación, moita xente adoita asociar dous elementos de referencia coa localización da fosa: o *chaponeiro*, tal e como indicamos anteriormente, (fig. 23) e o pararraios (fig. 22), que pola súa localización, pode dar mais erro a confusión.

[69] Informe de Xosé Ramón Paz Antón, decembro de 2022.



Figura 19. Suposta localización da fosa, segundo a maioría dos testemuños. Foto: fondo HISTAGRA



Figura 20. Suposta localización da fosa, segundo a maioría dos testemuños, dende outro punto de vista. Fonte: fondo HISTAGRA



Figura 21. Grupo de rapaces, veciños de lugar, posando no espazo onde supostamente se localiza a fosa no adro da Igrexa de San Miguel. 18 de maio de 1972. Fonte: doazón de Marga Núñez (a primeira pola esquerda).



Figura 22. Vista do adro na que se aprecia o cable do pararraios na parede esquerda e a suposta zona da fosa, á marxe dereita, ao lado da caseta de autopsias. Fonte: fondo HISTAGRA.



Figura 23. Detalle na zona de localización da suposta fosa, na que se aprecia o tallo dunha árbore cortada recentemente. Fonte: fondo HISTAGRA

Como recompilación final, temos ademais do indicado, certos elementos a ter en conta, especialmente para os traballos arqueolóxicos e forenses:

- Un testemuño oral sinala que un veciño colleu os zapatos dun dos cadáveres para poder aproveitalos; polo que, en consecuencia, non debería haber restos materiais na exhumación. Con todo, é unha referencia illada que non se puido contrastar.
- Segundo a descrición que recolle o rexistro civil das roupas dos cadáveres enterrados na fosa do cemiterio de Cabreira, das conversas entre Fernando Serrulla, forense da equipa, e Jordi Ramos, experto en indumentaria, este último deduce que:
    - ***Registro número 124:*** *El varón desconocido (30-35 años). Se referencia muy bien su indumentaria para su categorización. Si el terreno ha destruido el tejido, posiblemente asociado al individuo presentará lo siguiente. Algunos enganches metálicos, tipo hebilla ajustable, por debajo de las clavículas y en la cintura. Botones diferenciales de chaqueta, del tipo de resina con un diámetro alrededor de 2 cm y situados en el abdomen. Seguramente por la camisa, también botones del tipo nácar de aproximadamente a 1,2 cm. Se conservarán las suelas del calzado del tipo goma o caucho de tonalidad rojiza, no vulcanizada.*
    - ***Registro número 125:*** *Si las condiciones son óptimas, se conservarán algunos botones de resina, poco probable de hueso de un diámetro alrededor de 2 cm a la altura del abdomen. Hebilla ajustable, posiblemente, en la zona de la cintura tanto por la parte delantera como la trasera. Un factor para su identificación es la cremallera, que no superará los 20 cm de longitud en la zona del cuello. Se conservarán las suelas de calzado de caucho vulcanizado.*
    - ***Registro número 126:*** *La indumentaria con el pantalón abotonado será muy característico para su identificación. Puede tener botones muy diferenciales con la ropa interior, pero en algún caso se utilizan los mismos. Por la cual es indispensable que en la exhumación se ubique*

exactamente donde se encontraron. El jersey con cremallera se ubicará una cremallera de unos 20 cm a la altura del cuello. La camisa que se referencia podrá identificar su presencia. Presentaría también suelas de calzado de caucho vulcanizado.

- ***Registro número 127:*** *Se documenta que vestía abrigo de paño, que se conservará algún tipo de botón grueso de diámetro a partir de 1,8 cm, además de la chaqueta que presentará otros tipos de botones, al igual que los de la camisa. Por la presencia de un chaleco posiblemente tengo un enganche metálico, tipo hebilla en la parte de detrás. El calzado deberá conservar el caucho vulcanizado con tinte azul, que será muy característico por la forma de tradición inglesa.*
- ***Registro número 128:*** *La chaqueta castaña que se conservará presentará unos botones característicos y diferenciales a los de la camisa. El cinturón de cuero si se conserva será un identificador y si no la hebilla que se podría conservar. Al igual que el individuo anterior el calzado será característico por su goma de tinte azul. Puede y seguramente haya perdido parte del tinte azul, pero con la pisada de goma y su correcta manipulación flexible será un identificador de que se trata de este tipo de calzado de origen inglés.*

- É moi probable que se os cinco descoñecidos enterrados na fosa de Cabreira fosen os veciños de Moaña anteriormente sinalados, os restos presenten sinais de torturas e malleiras previos, pode que incluso sexan dun mes anterior á súa morte (data na que algúns "desaparecen"). O que nos fai pensar isto é a posible coincidencia de varios deles no local do sindicato de Moaña, coñecido como un espazo de violencia incautado polos golpistas para cometer este tipo de crimes.
- Grazas á colaboración das familias, contamos cunha pista relacionada cun obxecto material que poida estar relacionado cos restos de Manuel Mª Blanco Costa, un dos veciños de Moaña dos que se sospeita poidan corresponder os restos da fosa de Cabreira. Estamos falando dunha

navalla de pequeno tamaño e cor vermella que se prega pola metade. Sempre a tiña con el e lla prestaba aos seus fillos pequenos para xogar con ela. Posiblemente non puidera tela encima cando o detiveron e torturaron pero no caso de que así fora, sabemos quen era o seu dono.

- No caso de que fose preciso seguir afondando nesta investigación, deberiamos volver intentar abordar varias fontes que actualmente quedaron sen consultar debido a diversos motivos:
    - O libro de defuntos da parroquia de Cabreira, debido á que o cura párroco non se atopaba en Galicia. Diversos veciños que tiveron ocasión de velo, apuntan que non hai ningún nome rexistrado asociado á fosa, pero queda pendente a súa consulta, incluso en anos posteriores á Guerra, para ver se durante a Ditadura se puidese facer algunha identificación dos cadáveres.
    - A documentación do arquivo municipal de Moaña, debido á ausencia do arquiveiro no seu posto de traballo, tras ser trasladado a outras dependencias no concello. A bibliografía sinala información relevante, como as entradas de correspondencia, ou mesmo as actas do concello e comprobar se existise documentación sobre "Orden Pública".
    - Tampouco souberon indicarme dende o concello de Moaña, como e cando podería acceder ao rico fondo oral, no que se atopan entrevistas de familiares e testemuñas da violencia de 1936.
    - Non foi posible a localización de expedientes de traslados de cadáveres no sur de Pontevedra por non recibir resposta
    - A localización dos expedientes gobernativos de finais dos anos 70 e comezos dos 80, do xulgado de distrito de Cangas, de diferentes vítimas de 1936 (nota ao pé nº 34 deste informe)

Bibliografía

Amoedo López, Gonzalo e Gil Moure, Roberto, *Episodios do terror durante a Guerra Civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón*, Vigo: Edicións Xerais, 2006.

Dasairas Valsa, Xerardo, "Cronoloxía da represión en cangas do Morrazo", en VVAA., *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria, Narón, decembro 2003*, Ferrol: Edicións Embora, 2005: 663-676.

Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio, *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo: Galaxia, 2018.

Fernández, Eliseo e Pereira, Dionisio, "A represión contra o Movemento Libertario na Galicia durante a Guerra Civil e a posguerra", en VVAA., *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria, Narón, decembro 2003*, Ferrol: Edicións Embora, 2005: 399-426.

González Fernández, Xoán Miguel e Villaverde Román, Xosé Carlos, *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social e política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*, Sada: Edicios do Castro, 1999.

Nores Soliño, Antonio e Santos Castroviejo, Iago, "Mortos, presos fuxidos e desertores en Cangas (Pontevedra) na retagarda", en VVAA, *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria, Narón, decembro 2003*, Ferrol: Edicións Embora, 2005: 665-676.

Pereira, Dionisio, *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, Vigo: Edicións Xerais, 2010.

Pérez Álvarez, Luis, *Memorias. Mi testamento humano y social*, Madrid: Corsarias, 2015.

Rodríguez Gallardo, Ángel, *O ruído da morte. A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada: Ediciós do Castro, 2006.

Fontes

Archivo Intermedio Militar del Noroeste (Ferrol)

- Causa 948/37, Caixa 29, fondo Pontevedra
- Causa 959/37, Caixa 30, fondo Pontevedra
- Causa 1212/36, Caixa 226, fondo Pontevedra.

Arquivo Naval de Ferrol

- Causa 302/38, Caixa 210.
- Causa 366/37, Caixa 136.
- Causa 390/37, Caixa 139.

Arquivo Diocesano de Tui

- Cabreira-cemiterio (1901-1959), licencias de sepulturas

Entrevistas-Terra e Memoria

- Entrevista 2074, por Andrés Domínguez Almansa, o 4 de agosto de 2006, en Moaña, fondo Nomes e Voces
- Entrevista 2189, por Andrés Domínguez Almansa, o 26 de setembro de 2006, en Moaña, fondo Nomes e Voces
- Entrevista 2287, por Mónica Rocha Novoa, o 9 de outubro de 2007, en Palmás-Domaio, fondo Nomes e Voces.
- Entrevista 2288, por Mónica Rocha Nova, o 17 de outubro de 2007, en Moaña, fondo Nomes e Voces

Outras entrevistas

- A Maruja da Rothea, por Anxo López e Helena Pousa, en decembro de 2023, en Cabreira.
- A Alfonso da Devesa, cedida por Xosé Novas.

- A Mª del Carmen Prieto, por Conchi López, o 27 de agosto de 2024, en Vigo.
- A Manuel Chapela Blanco e Estrella Blanco Durán, por Conchi López, o 27 de agosto de 2024, en Meira-Moaña.
- A Anxo López, Constante e Paco González, por Conchi López, o 27 de setembro de 2024, en Cabreira-Salvaterra de Miño.

Xulgado de Paz de Moaña

- Libro rexistro de nacementos, tomo 33 (1903)
- Libro rexistro de nacementos, tomo 34 (1904)
- Libro rexistro de nacementos, tomo 35 (1905)
- Libro rexistro de nacementos, tomo 40 (1910)
- Libro rexistro de nacementos, tomo 44 (1914)
- Libro rexistro de matrimonios, tomo 48
- Libro rexistro de defuncións, tomo 53 (1935-1937)
- Libro rexistro de defuncións, tomo 54 (8/7/1937-1/8/1939)
- Libro rexistro de defuncións, tomo 70

Rexistro Civil de Salvaterra

- Libro rexistro de defuncións (cedido pola Asociación)

Outras

- "Unha investigación busca determinar se cinco homes executados en Salvaterra eran veciños de Moaña", *Siradio,* 23/10/2023.
- Ángel López Méndez, "Sobre os cinco descoñecidos soterrados en Cabreira", *A Nova Pereira*, 5/2/2024.
- Base de datos de Nomes e Voces
- Hemeroteca de *La Voz de Galicia*
- Biblioteca Virtual de Prensa Histórica

- Hemeroteca Digital. Biblioteca Nacional de España
- Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia-Hemeroteca
- Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia
- Xosé Ramón Paz Antón, "A de Cabreira e as demais fosas do franquismo no sur da provincia de Pontevedra", decembro de 2022.



tempos arqueólogos

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es www.tempos.es

PROMOTOR:

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA · XUNTA DE GALICIA · USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · histagra · SÍNCRISIS INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS CULTURAIS · tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Fotogrametría final da intervención realizada

ESCALA: 1:20

0 0,75 1,5 m

Nº PLANO: 1



tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es www.tempos.es

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

PROMOTOR:

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA · XUNTA DE GALICIA · USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA · histagra · SÍNCRISIS INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS CULTURALES · tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Sondaxes realizadas durante a intervención sobre a Fotogrametría final.

ESCALA: 1:20

0 0,75 1,5 m

Nº PLANO: 2



tempos arqueólogos
AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001
▷ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 ✉ info@tempos.es ⊕ www.tempos.es

COLABORA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA · XUNTA DE GALICIA · USC · h' Santiago · SÍNCRISIS · tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Planta da intervención realizada

ESCALA: 1:20

0 0,75 1,5 m

Nº PLANO: 3



tempos arqueólogos

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 ✉ info@tempos.es ⊕ www.tempos.es

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

COLABORA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA · XUNTA DE GALICIA · USC · SÍNCRISIS · tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Planta da intervención realizada

ESCALA: 1:20

0 0,75 1,5 m

Nº PLANO: 4

X: 537648
Y:4660377

PERFIL SUR

X: 537643
Y:4660374



PERFIL NORTE

X:537641
Y:4660377

X:537647
Y:46660379



tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es www.tempos.es

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

COLABORA:

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRÁTICA · XUNTA DE GALICIA · USC · SÍNCRISIS · tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Perfiles Norte e Sur da sondaxe realizada

ESCALA: 1:20

0 0,75 1,5 m

Nº PLANO: 5

PERFIL W

X:537643
Y: 4660374

X:537641
Y:4660377



PERFIL E

X:537647
Y:46660379

X:537648
Y:4660377



tempos arqueólogos
TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
881 97 27 67 info@tempos.es www.tempos.es

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001

COLABORA:

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL Y MEMORIA DEMOCRATICA
XUNTA DE GALICIA
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
SÍNCRISIS INVESTIGACIÓN EN FORMAS CULTURAIS
tempos arqueólogos

PROXECTO: Intervención arqueolóxica para a Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio da Igrexa Parroquial de Cabreira (Salvaterra de Miño, Pontevedra)

TÍTULO: Perfiles Este e Oeste da sondaxe realizada

ESCALA:
Perfil Este: 1:10
Perfil Oeste 1:20

Nº PLANO:
6